Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 13/06/2024 12:35:55
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO
# **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 38
13 de xuño de 2024

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Resolución da Presidencia do 13 de xuño de 2024, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia** 14991

**Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia (doc. núm. 4254, 12/PL-000001)**

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 5500) 15006
— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 5509) 15013

### 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.6. Proposicións non de lei
### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

**Rexeitamento das iniciativas**

**1643 (12/PNC-000196)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**
Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de expresar a condena da intervención militar de Israel en Gaza 14992

**2718 (12/PNC-000346)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**
Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego no que se refire á mellora do financiamento dos concellos de Galicia 14992

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**2983 (12/PNC-000379)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Abalde Alonso, Julio Ernesto e tres deputados/as máis**
Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local 14992

**Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

### Aprobación por unanimidade con modificacións

**1846 (12/PNC-000224)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para afrontar os danos ambientais derivados da actividade da mina de San Fins, en Lousame 14993

### Rexeitamento da iniciativa

**3833 (12/PNC-000476)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez López, José Daniel e Bará Torres, Xosé Luís**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego no que concirne ao proxecto de construción da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo 14994

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Informe de seguimento da Axenda 2030 en Galicia (doc. núm. 5268) 15033

### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

### Admisión a trámite e publicación

**5156 (12/PRE-000541)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo**
Sobre o grao de execución do Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015 (Plan MOVE), as previsións sobre as actuacións pendentes e o desenvolvemento de novas planificacións nesta materia 15053

**5166 (12/PRE-000542)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o cumprimento das obrigas que establece o Estado e mais o previsto pola Lei de patrimonio cultural de Galicia no desenvolvemento dos usos das illas de San Simón e San Antón, pertencentes ao concello de Redondela 15055

**5172 (12/PRE-000543)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**
Sobre a aprobación dun plan de usos da illa de San Simón e os criterios para a autorización de actividades neste espazo 15058

**5186 (12/PRE-000544)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Carreira Pazos, Iria e 4 máis**
Sobre os cambios previstos na planificación da asistencia sanitaria do Sergas para este verán 15062

**5198 (12/PRE-000545)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**
Sobre as causas do nivel de gasto da Xunta de Galicia nas políticas do estado do benestar, educación, sanidade e servizos sociais, en comparación co resto das comunidades autónomas e o papel dos recursos achegados polo Estado nesta materia para paliar os efectos da pandemia 15066

**5221 (12/PRE-000546)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Castro García, Daniel e Rodil Fernández, Olalla**
Sobre o investimento, o prazo para efectualo ou outro tipo de colaboración que a Xunta de Galicia prevé en relación coas obras de remodelación do hospital asilo de Ribadeo 15070

**5231 (12/PRE-000547)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e 2 máis**
Sobre a eventual creación dunha mesa técnica entre as administracións implicadas co fin de avanzar no proxecto de finalización da rolda leste de Lugo (LU-021) 15073

**5263 (12/PRE-000548)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**
Sobre a postura que vén mantendo a Xunta de Galicia desde a época do Goberno bipartito respecto da creación dun centro de día público en Lalín 15077

**5284 (12/PRE-000549)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a vontade da Xunta de Galicia verbo do desenvolvemento dun plan de seguridade e de campañas informativas destinadas a protexer o persoal sanitario de atención primaria fronte a agresións físicas ou verbais 15079

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**5291 (12/PRE-000550)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Queixas Zas, Mercedes**
Sobre o estado de conservación da Torre de Sande, en Cartelle, as solicitudes recibidas pola Xunta de Galicia para a súa rehabilitación e as previsións que ten respecto da elaboración de proxectos para o seu mantemento e posta en valor 15081

**5295 (12/PRE-000551)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre o balance dos efectos conseguidos polas axudas da Xunta de Galicia destinadas ao fomento do uso da lingua galega nos medios dirixidos por empresas xornalísticas e de radiodifusión privadas 15084

**5303 (12/PRE-000552)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e 2 máis**
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas substitucións das baixas dos facultativos dos centros de saúde do Courel 15087

**5309 (12/PRE-000553)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre o estado biolóxico, canto á biodiversidade e á produtividade, da enseada de San Simón, na ría de Vigo, así como sobre os compromisos que o Goberno galego está disposto a adquirir na política de conservación deste espazo 15089

**5315 (12/PRE-000554)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a vontade da Xunta de Galicia respecto do compromiso de non diminuír durante os meses de verán o número de camas operativas en cada unha das áreas sanitarias 15094

**5317 (12/PRE-000555)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Prado Cores, María Montserrat**
Sobre as condicións materiais do local da base de ambulancias de Celanova e as inspeccións realizadas nos últimos catro anos, así como sobre o eventual traslado provisional da sede e as posibilidades de que esteamos ante un incumprimento contractual 15096

**5326 (12/PRE-000556)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre a incorporación sistemática da listaxe do Inventario de zonas húmidas de Galicia ao Plan hidrolóxico de Galicia-costa, o estudo e a delimitación das zonas non recollidas neste inventario e a protección destes espazos fronte aos proxectos extractivos e industriais do monte 15099

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**5335 (12/PRE-000557)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Suárez Fernández, Iago e 2 máis**
Sobre o estado en que está a xestión do proxecto anunciado pola Xunta de Galicia para a remodelación da estrada OU-533 (A Gudiña-A Rúa) e as perspectivas de mellora desta vía ante a densidade de tráfico que soporta 15102

**5340 (12/PRE-000558)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**
Sobre a situación das listaxes de espera no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as medidas que está adoptando o Goberno galego para reducilas e as que prevé adoptar con urxencia para garantir a igualdade de dereitos de toda a poboación no aspecto sanitario 15106

**5354 (12/PRE-000559)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre as xestións do Goberno galego, así como as súas previsións, respecto do cumprimento do acordo parlamentario do 14 de maio de 2014 referido á anulación da prorroga da concesión da AP-9, á súa xestión directa e á transferencia desta infraestrutura a Galicia 15111

**5360 (12/PRE-000562)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**
Sobre o ritmo das actuacións que se levan a cabo nas estradas autonómicas da comarca do Salnés, o remate das obras da ponte de Santa Marta de Ponte Arnelas e os danos sufridos neste tempo na vella ponte dos Padriños ao acoller o tráfico pesado desviado 15114

**5366 (12/PRE-000563)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**
Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da posibilidade de modificar a declaración de impacto ambiental do proxecto da liña de alta tensión que vai desde o parque eólico de Monteagudo á subestación de Morás, en Arteixo, Carballo e A Laracha, e, de ser o caso, o prazo para facelo 15117

**5374 (12/PRE-000560)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**
Sobre o cumprimento dos contratos das concesionarias do transporte público por estrada, o compromiso da Xunta de Galicia cos dereitos dos seus traballadores e usuarios e as medidas previstas para garantir no verán un bo funcionamento deste servizo 15121

**5384 (12/PRE-000564)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Insua Lema, Óscar e Bará Torres, Xosé Luís**

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as accións, ora de carácter temporal, ora definitivas, que a Xunta de Galicia prevé pór en marcha ante o problema xerado pola acumulación de area da praia da Cruz encol da estrada AC-440 á entrada de Muxía 15124

**5387 (12/PRE-000565)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Vidal Lamas, Sonia e 2 máis**
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para poñer en marcha o Plan estratéxico da Limia, así como sobre e a eventual inclusión doutras medidas á parte das relativas á modernización do regadío e limpeza de canles 15126

**5389 (12/PRE-000566)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Fernández, Secundino e Valcárcel Armesto, Montserrat**
Sobre os datos estatísticos referidos ás concentracións parcelarias desde 1954: número, superficie, usos, localización, persoas ligadas a elas, o nivel de afección causado nelas polos lumes ou a vinculación ao Banco de Terras 15130

**5395 (12/PRE-000567)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 3 máis**
Sobre a situación laboral do persoal dos centros de reforma xuvenil e protección de menores, as posibles restricións nesta materia derivadas dos pregos de contratación pública das entidades que prestan estes servizos e a posibilidade de conseguir un convenio colectivo de ámbito galego 15134

**5403 (12/PRE-000568)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**
Sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade orientadas á diminución das listas de espera para consultas nos hospitais públicos de Ourense e de Valdeorras, así como no que atinxe á espera cirúrxica no caso do Hospital Clínico Universitario de Ourense 15137

**5425 (12/PRE-000569)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis**
Sobre o eventual impulso da Xunta de Galicia, xunto cos sindicatos, a patronal e os centros de coñecemento, dunha mesa da automoción e as medidas previstas para evitar a deslocalización de empresas, consolidar a actividade e manter un emprego de calidade no sector 15140

**5435 (12/PRE-000570)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis**
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de terreos no parque natural das Fragas do Eume e as compensacións establecidas no plan reitor de uso e xestión deste parque dirixidas ás persoas propietarias 15144

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**5438 (12/PRE-000571)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 4 máis**
Sobre a evolución dos niveis de audiencia da TVG desde o remate de 2023 e as previsións que ten a CRTVG para enfrontar a situación 15148

**5445 (12/PRE-000572)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as medidas que pensa impulsar a Consellería de Sanidade coa finalidade de conseguir rebaixar as listaxes de espera en consultas, probas diagnósticas ou cirurxía nos centros hospitalarios da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés 15151

**5453 (12/PRE-000573)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Vidal Lamas, Sonia e 4 máis**
Sobre as repercusións dos cambios introducidos no prego de condicións da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega e as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á apertura de liñas de axudas dirixidas ás produtoras e aos produtores co fin de se adaptaren ás novas obrigas 15154

**5461 (12/PRE-000574)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Insua Lema, Óscar e Prado Cores, María Montserrat**
Sobre a cobertura das baixas do persoal médico, especialmente de pediatras, no Centro de Saúde de Muxía, a súa planificación para o verán e a posibilidade de contar cunha base permanente de ambulancias nesta localidade 15161

**5469 (12/PRE-000575)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e 2 máis**
Sobre o estado en que está a tramitación da futura estación depuradora de augas residuais do concello de Barreiros e a eventual existencia dun calendario real para a súa materialización 15165

### 1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

### Admisión da solicitude, asignación a comisión e publicación do acordo

**1156 (12/PRE-000074)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre a situación das instalacións do IES A Sardiñeira, da Coruña, o seu proxecto educativo e as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da construción dun novo centro no Novo Mesoiro, na Coruña 14999

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Solicitudes de información para as que se solicita a reconversión en preguntas orais en comisión (artigo 9.2 bis do Regulamento do Parlamento de Galicia)**

**Admisión da solicitude de reconversión, e asignación a comisión e publicación**

**2349 (12/IN9-000060) (12/POC-000787)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla**
Sobre o convenio mixto de cooperación e colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, o Bispado de Ourense, a Comunidade Beneditina de Samos e o Concello de Leiro, con data do 14 de decembro de 1994, e addendas asinadas os días 8 de novembro de 1998 e 23 de agosto de 1999 15168

**2350 (12/IN9-000061) (12/POC-000788)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla**
Sobre o contrato de xestión, mediante concesión, do hotel monumento-Mosteiro de San Clodio (Leiro) licitado para a adxudicación mediante concurso e polo procedemento aberto por parte da Xunta de Galicia 15170

**2401 (12/IN9-000063) (12/POC-000786)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla**
Sobre o informe das memorias anuais da actividade e xestión do servizo presentadas á Xunta de Galicia por parte da adxudicataria (Hotel San Clodio S. L.) do SPA e do centro de viñoterapia do mosteiro de San Clodio de Leiro 15172

**1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular**

**Admisión a trámite e publicación**

**5511 (12/PDC-000003)**
Sobre a solicitude á Administración educativa de asistencia xurídica ao profesorado dos centros públicos ante denuncias derivadas do exercicio das súas funcións 15174

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización

## 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

### 2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que proclama deputado electo a Jesús María Fernández Rosende (doc. núm. 5287) 15001

Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que proclama deputado electo a Pablo Javier Prieto Perille (doc. núm. 5287) 15002

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que proclama deputado electo a Ángel Rodríguez Conde (doc. núm. 5287) 15003

- Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que proclama deputado electo a Cecilia Vázquez Suárez (doc. núm. 5287) 15003

- Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial de Lugo polo que proclama deputado electo a Katherinie Varela Fernández (doc. núm. 5297) 15004

- Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense polo que proclama deputado electo a Miguel Ángel Viso Diéguez (doc. núm. 5285) 15004

- Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial de Pontevedra polo que proclama deputado electo a Manuel Santos Costa (doc. núm. 5348) 15005

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Resolución da Presidencia do 13 de xuño de 2024, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 5691, o escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, polo que se solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1.º) Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 5691, presentado polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

2.º) Prorrogar o prazo de presentación de emendas ao articulado, por segunda vez, ata o día 21 de xuño de 2024, ás 18.30 horas.

3º) Dar conta desta resolución á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4.º) Notificarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

5.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia (doc. núm. 4254, 12/PL-000001)**

A Mesa da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do día 12 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia (doc. núm. 4254, 12/PL-000001)

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Examinados os escritos presentados e, dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución (un total de dúas)

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 5500)
— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 5509)

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

## 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.6. Proposicións non de lei
### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 22 de maio de 2024, adoptou os seguintes acordos:

**Rexeitamento das iniciativas**

- 1643 (12/PNC-000196)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de expresar a condena da intervención militar de Israel en Gaza
BOPG nº 12f2, do 17.04.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 1 abstención.

- 2718 (12/PNC-000346)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego no que se refire á mellora do financiamento dos concellos de Galicia
BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 2983 (12/PNC-000379)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e tres deputados/as máis

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local
BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

**Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 7 de xuño de 2024, adoptou os seguintes acordos:

## Aprobación por unanimidade con modificacións

- 1846 (12/PNC-000224)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para afrontar os danos ambientais derivados da actividade da mina de San Fins, en Lousame
BOPG nº 16f2, do 24.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Continuar, tras a revogación da autorización de vertedura, coa tramitación do expediente de caducidade en relación coas concesións de explotación que forman o coñecido como Grupo Mineiro San Finx, no concello de Lousame (A Coruña) dun xeito rigoroso e garantista a fin de protexer os intereses xerais e da Administración.

2. Requirir a empresa concesionaria para que execute o proxecto de restauración do dominio público hidráulico, incluíndo a retirada dos residuos mineiros acumulados nas dúas presas e a restauración ambiental do leito degradado e da contorna das instalacións mineiras, unha vez cumpridos con todos os trámites previstos legalmente, nomeadamente o procedemento de avaliación de impacto ambiental a que está sometido o proxecto.

3. Proceder á execución do aval depositado polo titular da explotación no caso de que non cumpra co requirido e acometer, con cargo a ese aval, as medidas de execución subsidiaria que sexan precisas para manter a explotación en condicións de seguridade, incluída a ambiental.

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. No caso de que non se puidesen acometer todas as actuacións para manter a explotación en condicións de seguridade, incluída a ambiental, e no caso de que o aval depositado polo titular da explotación fose insuficiente, requirirlle á empresa concesionaria os fondos precisos a través de todas as vías das que dispón a Administración.»

**Rexeitamento da iniciativa**

- 3833 (12/PNC-000476)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego no que concirne ao proxecto de construción da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo
BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2024
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Informe de seguimento da Axenda 2030 en Galicia (doc. núm. 5268)**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024, tomou coñecemento do Informe de seguimento da Axenda 2030 en Galicia (doc. núm. 5268), e acordou o seu traslado á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e a súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2024
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024, adoptou os seguintes acordos:

**Admisión a trámite e publicación**

- 5156 (12/PRE-000541)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo
Sobre o grao de execución do Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica 2009-2015 (Plan MOVE), as previsións sobre as actuacións pendentes e o desenvolvemento de novas planificacións nesta materia

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 5166 (12/PRE-000542)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o cumprimento das obrigas que establece o Estado e mais o previsto pola Lei de patrimonio cultural de Galicia no desenvolvemento dos usos das illas de San Simón e San Antón, pertencentes ao concello de Redondela

- 5172 (12/PRE-000543)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a aprobación dun plan de usos da illa de San Simón e os criterios para a autorización de actividades neste espazo

- 5186 (12/PRE-000544)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 4 máis
Sobre os cambios previstos na planificación da asistencia sanitaria do Sergas para este verán

- 5198 (12/PRE-000545)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as causas do nivel de gasto da Xunta de Galicia nas políticas do estado do benestar, educación, sanidade e servizos sociais, en comparación co resto das comunidades autónomas e o papel dos recursos achegados polo Estado nesta materia para paliar os efectos da pandemia

- 5221 (12/PRE-000546)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Rodil Fernández, Olalla
Sobre o investimento, o prazo para efectualo ou outro tipo de colaboración que a Xunta de Galicia prevé en relación coas obras de remodelación do hospital asilo de Ribadeo

- 5231 (12/PRE-000547)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a eventual creación dunha mesa técnica entre as administracións implicadas co fin de avanzar no proxecto de finalización da rolda leste de Lugo (LU-021)

- 5263 (12/PRE-000548)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a postura que vén mantendo a Xunta de Galicia desde a época do Goberno bipartito respecto da creación dun centro de día público en Lalín

- 5284 (12/PRE-000549)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a vontade da Xunta de Galicia verbo do desenvolvemento dun plan de seguridade e de campañas informativas destinadas a protexer o persoal sanitario de atención primaria fronte a agresións físicas ou verbais

- 5291 (12/PRE-000550)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Queixas Zas, Mercedes
Sobre o estado de conservación da Torre de Sande, en Cartelle, as solicitudes recibidas pola Xunta de Galicia para a súa rehabilitación e as previsións que ten respecto da elaboración de proxectos para o seu mantemento e posta en valor

- 5295 (12/PRE-000551)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o balance dos efectos conseguidos polas axudas da Xunta de Galicia destinadas ao fomento do uso da lingua galega nos medios dirixidos por empresas xornalísticas e de radiodifusión privadas

- 5303 (12/PRE-000552)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas substitucións das baixas dos facultativos dos centros de saúde do Courel

- 5309 (12/PRE-000553)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre o estado biolóxico, canto á biodiversidade e á produtividade, da enseada de San Simón, na ría de Vigo, así como sobre os compromisos que o Goberno galego está disposto a adquirir na política de conservación deste espazo

- 5315 (12/PRE-000554)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a vontade da Xunta de Galicia respecto do compromiso de non diminuír durante os meses de verán o número de camas operativas en cada unha das áreas sanitarias

- 5317 (12/PRE-000555)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as condicións materiais do local da base de ambulancias de Celanova e as inspeccións realizadas nos últimos catro anos, así como sobre o eventual traslado provisional da sede e as posibilidades de que esteamos ante un incumprimento contractual

- 5326 (12/PRE-000556)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a incorporación sistemática da listaxe do Inventario de zonas húmidas de Galicia ao Plan hidrolóxico de Galicia-costa, o estudo e a delimitación das zonas non recollidas neste inventario e a protección destes espazos fronte aos proxectos extractivos e industriais do monte

- 5335 (12/PRE-000557)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre o estado en que está a xestión do proxecto anunciado pola Xunta de Galicia para a remodelación da estrada OU-533 (A Gudiña-A Rúa) e as perspectivas de mellora desta vía ante a densidade de tráfico que soporta

- 5340 (12/PRE-000558)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis
Sobre a situación das listaxes de espera no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as medidas que está adoptando o Goberno galego para reducilas e as que prevé adoptar con urxencia para garantir a igualdade de dereitos de toda a poboación no aspecto sanitario

- 5354 (12/PRE-000559)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as xestións do Goberno galego, así como as súas previsións, respecto do cumprimento do acordo parlamentario do 14 de maio de 2014 referido á anulación da prorroga da concesión da AP-9, á súa xestión directa e á transferencia desta infraestrutura a Galicia

- 5360 (12/PRE-000562)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre o ritmo das actuacións que se levan a cabo nas estradas autonómicas da comarca do Salnés, o remate das obras da ponte de Santa Marta de Ponte Arnelas e os danos sufridos neste tempo na vella ponte dos Padriños ao acoller o tráfico pesado desviado

- 5366 (12/PRE-000563)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 máis
Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da posibilidade de modificar a declaración de impacto ambiental do proxecto da liña de alta tensión que vai desde o parque eólico de Monteagudo á subestación de Morás, en Arteixo, Carballo e A Laracha, e, de ser o caso, o prazo para facelo

- 5374 (12/PRE-000560)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre o cumprimento dos contratos das concesionarias do transporte público por estrada, o compromiso da Xunta de Galicia cos dereitos dos seus traballadores e usuarios e as medidas previstas para garantir no verán un bo funcionamento deste servizo

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 5384 (12/PRE-000564)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as accións, ora de carácter temporal, ora definitivas, que a Xunta de Galicia prevé pór en marcha ante o problema xerado pola acumulación de area da praia da Cruz encol da estrada AC-440 á entrada de Muxía

- 5387 (12/PRE-000565)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 2 máis
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para poñer en marcha o Plan estratéxico da Limia, así como sobre e a eventual inclusión doutras medidas á parte das relativas á modernización do regadío e limpeza de canles

- 5389 (12/PRE-000566)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre os datos estatísticos referidos ás concentracións parcelarias desde 1954: número, superficie, usos, localización, persoas ligadas a elas, o nivel de afección causado nelas polos lumes ou a vinculación ao Banco de Terras

- 5395 (12/PRE-000567)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 3 máis
Sobre a situación laboral do persoal dos centros de reforma xuvenil e protección de menores, as posibles restricións nesta materia derivadas dos pregos de contratación pública das entidades que prestan estes servizos e a posibilidade de conseguir un convenio colectivo de ámbito galego

- 5403 (12/PRE-000568)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade orientadas á diminución das listas de espera para consultas nos hospitais públicos de Ourense e de Valdeorras, así como no que atinxe á espera cirúrxica no caso do Hospital Clínico Universitario de Ourense

- 5425 (12/PRE-000569)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis
Sobre o eventual impulso da Xunta de Galicia, xunto cos sindicatos, a patronal e os centros de coñecemento, dunha mesa da automoción e as medidas previstas para evitar a deslocalización de empresas, consolidar a actividade e manter un emprego de calidade no sector

- 5435 (12/PRE-000570)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de terreos no parque natural das Fragas do Eume e as compensacións establecidas no plan reitor de uso e xestión deste parque dirixidas ás persoas propietarias

- 5438 (12/PRE-000571)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 4 máis
Sobre a evolución dos niveis de audiencia da TVG desde o remate de 2023 e as previsións que ten a CRTVG para enfrontar a situación

- 5445 (12/PRE-000572)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as medidas que pensa impulsar a Consellería de Sanidade coa finalidade de conseguir rebaixar as listaxes de espera en consultas, probas diagnósticas ou cirurxía nos centros hospitalarios da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

- 5453 (12/PRE-000573)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 4 máis
Sobre as repercusións dos cambios introducidos no prego de condicións da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega e as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á apertura de liñas de axudas dirixidas ás produtoras e aos produtores co fin de se adaptaren ás novas obrigas

- 5461 (12/PRE-000574)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a cobertura das baixas do persoal médico, especialmente de pediatras, no Centro de Saúde de Muxía, a súa planificación para o verán e a posibilidade de contar cunha base permanente de ambulancias nesta localidade

- 5469 (12/PRE-000575)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre o estado en que está a tramitación da futura estación depuradora de augas residuais do concello de Barreiros e a eventual existencia dun calendario real para a súa materialización

### 1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

### Admisión da solicitude, asignación a comisión e publicación do acordo

- 1156 (12/PRE-000074)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a situación das instalacións do IES A Sardiñeira, da Coruña, o seu proxecto educativo e as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da construción dun novo centro no Novo Mesoiro, na Coruña
BOPG nº 14, do 19.04.2024

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 5462, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

**Solicitudes de información para as que se solicita a reconversión en preguntas orais en comisión (artigo 9.2 bis do Regulamento do Parlamento de Galicia)**

**Admisión da solicitude de reconversión, e asignación a comisión e publicación**

- 2349 (12/IN9-000060) (12/POC-000787)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre o convenio mixto de cooperación e colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, o Bispado de Ourense, a Comunidade Beneditina de Samos e o Concello de Leiro, con data do 14 de decembro de 1994, e addendas asinadas os días 8 de novembro de 1998 e 23 de agosto de 1999

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 5406, en pregunta con resposta oral na Comisión 3.ª; Economía, Facenda e Orzamentos

- 2350 (12/IN9-000061) (12/POC-000788)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre o contrato de xestión, mediante concesión, do hotel monumento-Mosteiro de San Clodio (Leiro) licitado para a adxudicación mediante concurso e polo procedemento aberto por parte da Xunta de Galicia

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 5408, en pregunta con resposta oral na Comisión 3.ª; Economía, Facenda e Orzamentos

- 2401 (12/IN9-000063) (12/POC-000786)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre o informe das memorias anuais da actividade e xestión do servizo presentadas á Xunta de Galicia por parte da adxudicataria (Hotel San Clodio S. L.) do SPA e do centro de viñoterapia do mosteiro de San Clodio de Leiro

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 5270, en pregunta con resposta oral na Comisión 3.ª; Economía, Facenda e Orzamentos

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

#### 1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024, adoptou os seguintes acordos:

**Admisión a trámite e publicación**

- 5511 (12/PDC-000003)
Sobre a solicitude á Administración educativa de asistencia xurídica ao profesorado dos centros públicos ante denuncias derivadas do exercicio das súas funcións

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17, apartado terceiro, da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do rexistro electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2024
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización

## 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

### 2.2.1. Composición do Pleno

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que proclama deputado electo a Jesús María Fernández Rosende (doc. núm. 5287)**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024, examinou o Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que se proclama deputado electo da Cámara Galega a Jesús María Fernández Rosende, candidato do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024, pola circunscrición electoral da Coruña, así como a correspondente credencial que o acredita como tal (doc. núm. 5411).

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do Acordo da Xunta Electoral da Coruña do 4 de xuño de 2024 polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a Jesús María Fernández Rosende, con efectos xurídicos desde o 4 de xuño de 2024.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que proclama deputado electo a Pablo Javier Prieto Perille (doc. núm. 5287)**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024**,** examinou o Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a Pablo Javier Prieto Perille, candidato do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024, pola circunscrición electoral da Coruña, así como a correspondente credencial que o acredita como tal (doc. núm. 5407).

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do Acordo da Xunta Electoral da Coruña do 4 de xuño de 2024 polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a Pablo Javier Prieto Perille, con efectos xurídicos desde o 4 de xuño de 2024.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que proclama deputado electo a Ángel Rodríguez Conde (doc. núm. 5287)**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024**,** examinou o Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a Ángel Rodríguez Conde, candidato do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024, pola circunscrición electoral da Coruña, así como a correspondente credencial que o acredita como tal (doc. núm. 5409).

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do Acordo da Xunta Electoral da Coruña do 4 de xuño de 2024 polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a Ángel Rodríguez Conde, con efectos xurídicos desde o 4 de xuño de 2024.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que proclama deputado electo a Cecilia Vázquez Suárez (doc. núm. 5287)**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024**,** examinou o Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña polo que se proclama deputada electa da Cámara Galega a Cecilia Vázquez Suárez, candidata do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024, pola circunscrición electoral da Coruña, así como a correspondente credencial que o acredita como tal (doc. núm. 5410)

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do Acordo da Xunta Electoral da Coruña do 4 de xuño de 2024 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a Cecilia Vázquez Suárez, con efectos xurídicos desde o 4 de xuño de 2024.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial de Lugo polo que proclama deputado electo a Katherinie Varela Fernández (doc. núm. 5297)**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024**,** examinou o Acordo da Xunta Electoral Provincial de Lugo polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a Katherinie Varela Fernández, candidata do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024, pola circunscrición electoral de Pontevedra, así como da correspondente credencial que a acredita como tal (doc. núm. 5346)

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Lugo do 4 de xuño de 2024 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a Katherinie Varela Fernández, con efectos xurídicos desde o 4 de xuño de 2024.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense polo que proclama deputado electo a Miguel Ángel Viso Diéguez (doc. núm. 5285)**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024**,** examinou o Acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a Miguel Ángel Viso Diéguez, candidato do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024, pola circunscrición electoral de Ourense, así como da correspondente credencial que o acredita como tal (doc. núm. 5361)

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Ourense do 4 de xuño de 2024 polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a Miguel Ángel Viso Diéguez, con efectos xurídicos desde o 4 de xuño de 2024.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial de Pontevedra polo que proclama deputado electo a Manuel Santos Costa (doc. núm. 5348)**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024**,** examinou o Acordo da Xunta Electoral Provincial de Pontevedra polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a Manuel Santos Costa, candidato do Partido Popular nas eleccións autonómicas do 18 de febreiro de 2024, pola circunscrición electoral de Pontevedra.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do Acordo da Xunta Electoral Provincial de Pontevedra do 4 de xuño de 2024 polo que se proclama deputado electo da Cámara galega a Manuel Santos Costa, con efectos xurídicos desde o 4 de xuño de 2024.

2º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-Vqw3ctP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia** (PL-000001, doc. núm. 4254), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Hoxe xa non é cuestionable que o cambio climático é unha realidade que supón unha ameaza para humanidade, polo que é unha obriga colectiva, pero tamén individual. Sabendo que as medidas para combatelo non poden estar enfocadas só nun problema medioambiental, senón que deben contemplar o reto social e o reto económico ó que van asociados.

Segundo o Inega, no ano 2022 o 79 % da enerxía primaria foi importada e procedente de combustibles fósiles, aínda que unha parte se destinou a xerar produtos petrolíferos destinados á exportación. Só o 21 % correspondeu a produtos enerxéticos autóctonos (enerxía hidroeléctrica, enerxía eólica, biomasa, biogás, biocarburantes, solar, geotérmica, eólica...).

A dependencia enerxética da Galicia en 2022 foi do 66,4 %. Incrementándose un 5,2 % respecto a 2021. As renovables representaron en 2022 o 44,7 % de consumo de enerxía final bruto en Galicia. A biomasa representa un papel importante no mix enerxético galego, sendo en Galicia a segunda fonte de enerxía primaria autóctona, por detrás da enerxía eólica.

En canto ao sector eléctrico, as enerxías renovables representaron en 65,4 % do mix eléctrico. Con todo, a porcentaxe que representa o consumo de electricidade sobre o consumo total de enerxía final situouse no 22 % en 2022 en Galicia. O que indica unha baixa electrificación da demanda.

CSV: BOPGDSPG-XXX
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É necesario un pacto de enerxías renovables xunto coa industria sostible. Para isto, unha lexislación sobre a xestión dos recursos naturais de Galicia é un obxectivo a conseguir, pero debéndose fundamentar esta sobre o respecto medioambiental, os beneficios cara a comunidade e a participación pública que poña por diante o ben común de Galicia. De ser un modelo respectuoso co medio, co ecosistema, co patrimonio cultural, coas comunidades locais, que teña en conta os efectos socioeconómicos e que poñan en valor o noso vento, a auga e as enerxías que delas xorden como a enerxía eólica.

Para elo non parece axeitado o desenvolvemento do establecido no Capítulo I do Título II (participación en sociedades que teñan obxectivos compatibles cos previstos por esta lei), que parece avalar agora a través de lei algunhas accións e creación de instrumentos feitos xa con anterioridade. Prodúcese unha incongruencia procedimental ao fundamentar en lei a creación de entes que xa iniciaron a súa actuación antes e, por tanto, sen amparo legal. Existen medidas máis consistentes coa necesidade e coa eficiencia e interese público e social como crear unha axencia pública de enerxía ou potenciar as entidades existentes como Axencia pública (nomeadamente o Inega), para promover e participar societariamente en proxectos enerxéticos estratéxicos, ben de maneira integramente pública ou en modelos mixtos, co obxectivo de obter o subministro enerxético para o tecido empresarial galego.

Este proxecto de lei non regula de xeito adecuado moitas das implicacións sociais, laborais e territoriais, polo que ten que motivar fondamente moitos dos aspectos que regula, xa que nalgúns aspectos xera dúbidas de que a explotación dos recursos non teña un impacto negativo no emprego, na poboación e no territorio. A sinalada explotación dos recursos non pode estar só vinculada a unha cuestión de investimento ou tecnoloxía, senón que ternos que poñer no mesmo nivel o emprego e protección social e a isto engádese a necesidade de reverter os beneficios económicos, sociais e laborais na poboación así como o respecto ao equilibrio territorial.

CSV: BORXSUDDGSWAe3TP2-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Participación pública**

O proxecto de lei non contempla vagos e imprecisos mecanismos de participación pública ou institucional dos axentes sociais e económicos, o que abre a posibilidade de perder a capacidade de decisión pública e de influencia determinante sobre os recursos propios do territorio.

Asemade, segundo a nova Directiva de renovables- Directiva (UE) 2018/2001 e Directiva (UE) 2023/2413- os Estados membros deberán garantir a participación pública, a través da participación directa e indirecta nos proxectos por parte das comunidades locais, e en relación cos plans que designen áreas de aceleración para as enerxías renovables, "incluída a identificación do público afectado ou que probablemente se vexa afectado". Esta cuestión non está ben fundamentada neste proxecto lexislativo.

Galicia, no marco das súas competencias, pode e debe incorporar ditas directivas europeas ao seu ordenamento, máxime atendendo ao feito de que son precisamente as innovacións propostas pola normativa europea que máis poderían abrir o mercado eléctrico a unha sa competencia e favorecer a territorios xeradores como o Galego adaptándose ás súas peculiaridades, as que están pendentes, integramente en moitos casos, de transposición.

O proxecto de lei é unha oportunidade perdida para traspoñer a nova Directiva de Renovables e dar cumprimento aos obxectivos previstos nos distintos instrumentos estratéxicos e de planificación enerxética e cambio climático europeos, estatais e autonómicos.

**Planificación e respecto medioambiental**

Entendemos que o camiño máis adecuado que debería tomar o Goberno galego é

CSV: BORRADOR / REXISTRO
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5500
Data envío: 07/06/2024 15:56:40.015



a regulación rigorosa das zonas onde se poden instalar este tipo de proxectos, que deben realizarse cun axeitado consenso da veciñanza, impedindo a súa instalación nos lugares onde haxa elementos ou valores que protexer. Isto pasa por elaborar un novo plan sectorial eólico para todo o territorio galego e sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, para adaptarse á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

No que corresponde á planificación das enerxías renovables, no proxecto de lei, non se aclaran aspectos cruciais sobre esta proxección. A planificación é o primeiro paso para dar seguridade xurídica ao desenvolvemento das renovables, e corrixir o caos de xestión do Goberno galego cos parques eólicos en Galicia- máis de corenta autorizacións de parques eólicos están suspendidos cautelarmente polo Tribunal Superior de Xustiza por motivos medioambientais. O Plan eólico vixente data no ano 1997. É prioritario que se elabore unha nova planificación  que mapee e identifique as zonas nas que se poden desenvolver proxectos.

Sería necesario elaborar un mapeado e zonificación das explotacións enerxéticas que permita un desenvolvemento harmonioso dos proxectos renovables. De forma simultánea coa nova planificación con criterios “de Sensibilidade ambiental” debería regularse na norma proxectada disposicións transitorias aos proxectos investidores e aos proxectos de xeración enerxética renovable aprobados ou que se atopen en tramitación á entrada en vigor.

É preciso elaborar este deseño tendo en conta un profundo respecto ao medio ambiente e á idiosincrasia dos lugares onde se asenten, ademais de garantir o saldo de emprego neto; é dicir, as novas actividades deben achegar tanto emprego e retorno económico e social como o que se poida perder pola súa implantación para garantir un nivel de vida digno á poboación.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Beneficio á comunidade**

Entendendo que a execución dos proxectos debe procurar o maior beneficio social e económico, entendemos que cando se fala de integración do impacto social e económico nas avaliacións de impacto ambiental (que xa contan cunha regulación propia) o impacto social e económico debería realizarse paralela e separadamente, e sen que isto supoña unha afección negativa nos tempos de tramitación. Por tanto, debe separarse o impacto ambiental do socioeconómico.

Consideramos necesario que se fagan análises socioeconómicos previos, separados do estudo de impacto ambiental, que valoren o impacto dos proxectos no ámbito local e do custo de oportunidade para a vida da poboación máis alá do que a norma recolla para as avaliacións de impacto ambiental. As avaliacións de impacto ambiental son determinantes pero deben realizarse con rigor para evitar impactos na biodiversidade ou afectacións a outros usos (recreativos, agrícolas ou pesqueiros prioritarios...), con independencia de que xa existan zonas excluídas polas normas relativas a espazos naturais protexidos.

Nese sentido, deberían excluírse ou avaliar con moita cautela os sistemas de alto valor natural ou os ecosistemas agrarios ou pesqueiros produtivos ou con elementos de importancia para a biodiversidade, con independencia de que conten con figuras de protección específicas.

E, por suposto, todas as avaliacións de impacto ambiental deberían considerar con moito rigor a adopción de medidas de minimización do impacto dos proxectos na fauna e a flora, na paisaxe, nos elementos ambientais ou no patrimonio natural. En ningún caso é admisible que se rebaixen os estándares ambientais da normativa para permitir estas instalacións.

Nada das cuestións esenciais que deben rexer a xestión dos recursos naturais de Galicia está correctamente contemplado neste proxecto de lei, que resulta vago,

CSV: BOPGDSPG-sVA4c7E2P9-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5500
Data envío: 07/06/2024 15:56:40.015



impreciso e voluntariamente confuso. Convértese nunha lexislación "ómnibus" que apenas pretende resolver problemas ao lexislador e non afrontar a necesaria e imprescindible regulación dos recursos.

Para evitar que sexa unha oportunidade perdida, consideramos necesario reformular a proposta dende unha perspectiva máis integral e asumindo como liñas mestras as cuestións básicas formuladas que son de común comprensión por todos os axentes implicados.

Por todo o anterior solicitamos a devolución do Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, aspirando a que sexa reformulado e poida ser traballado no Parlamento un novo texto que parta de mellores principios.

Santiago de Compostela, 7 de xuño do 2024

CSV: BORRSUOP-31U4e7APE29-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5500
Data envio: 07/06/2024 15:56:40.015

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 07/06/2024 15:56:04**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envío: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución**, ao **Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza [12/PL-000001** (doc. núm. **4254**)], en base ás seguintes consideracións:

### Introdución

No momento de transformación enerxética, económica e social que atravesa o mundo, Galiza ten unha posición estratéxica que pode e debe aproveitar ao favor do seu desenvolvemento económico e social. Isto débese en boa medida ao seu extraordinario potencial con base a uns recursos naturais excepcionais que poden ser aproveitados en múltiples ámbitos, fundamentalmente o enerxético. Porén, este contexto, que sería unha oportunidade para avanzar na transformación do modelo enerxético, industrial e económico e facelo en chave de país, apostando polo valor engadido e a innovación como vectores de desenvolvemento económico e social, está a se converter nun contexto de profundas ameazas aos nosos recursos, o noso territorio, a nosa biodiversidade, os nosos sectores económicos tradicionais e o noso benestar e futuro como sociedade.

Así, este proxecto de lei incardínase na agudización dunha estratexia na que o goberno galego se converteu en parte do problema ao deixar de defender o interese xeral de Galiza e diluír o marco lexislativo para facilitar o avance dun modelo económico e enerxético no que se incrementa a explotación dos recursos galegos sen un retorno

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envío: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adecuado e sen as garantías de protección adecuadas, nin do punto de vista medioambiental, nin económico nin social.

Por unha banda, este Proxecto de lei presenta unha insuficiencia clara de participación social, acompañada da carencia do rigor técnico e legal que exixe un ámbito tan importante e complexo, o que supón importantes e graves obxeccións do punto de vista formal. Por outra banda, o fondo da lei tamén agudiza unha folla de ruta que bebe da falta de planificación e ordenación en materia enerxética e que pretende estendelo ao ámbito da extracción mineira, impulsando un lavado de cara verde noutros ámbitos para, en realidade, continuar coa nova fase dun modelo económico espoliador e depredador que é contrario aos intereses ambientais, sociais e económicos de Galiza.

Por estas razóns, a continuación sintetízanse os motivos que levan a este Grupo Parlamentar a solicitar formalmente o que xa foi solicitado por amplos colectivos sociais, sindicais, agrarios ou medioambientais, a devolución do texto e o impulso dun consenso de país arredor dos recursos naturais e do desenvolvemento enerxético.

**1. Carencia do proceso de participación social e do rigor técnico, legal e de procedemento exixible.**

*1.1. Continuum coa improvisación, parches lexislativos e modificacións ad hoc xa fracasados e sen unha avaliación previa rigorosa.*

Durante os gobernos do Partido Popular asistimos a unha concatenación de continuos cambios regulatorios coa intención clara de facilitar a implantación de macroproxectos enerxéticos e favorecer intereses de grandes grupos económicos. Así, desde a súa aprobación, a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación

CSV: BORISDDCGIS... Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ambiental acumula máis de 60 cambios a través de 11 reformas acometidas fundamentalmente a través de leis de acompañamento dos orzamentos, sen os debidos informes e procesos de participación.

Doutra banda, acumula tamén un historial de parches e improvisacións nas que, empregando a deslocalización ou a crise industrial como coartada, impulsou numerosos cambios regulatorios que afectaron os procesos de participación pública, as esixencias medioambientais, a autonomía dos concellos ou que ampliaron o poder e capacidade do goberno para a toma de decisións discrecional baixo o amparo do Consello da Xunta. Porén, tal e como recolle a Memoria Económica do Consello Económico e Social do ano 2022, este marco non serviu para reverter a fonda desindustrialización e terciarización da economía na que está inmersa Galiza.

Entre estas normas fracasadas, que non foron debidamente planificadas nin tampouco avaliadas, podemos sinalar a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galiza, a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza ou a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza. Como exemplo da improvisación lexislativa constante podemos sinalar como esta última acumula xa máis de quince cambios a través doutros textos lexislativos malia o escaso tempo que leva en vigor.

Este proxecto supón a continuación do dioivo de modificacións que impulsou o goberno galego de forma unilateral a través da lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas ou lei de acompañamento, na que impulsou unha cadea de mudanzas sen precedentes, que fixo saltar toda a lexislación industrial e eólica sen pasar organismos preceptivos e sen participación pública da sociedade e coartando o debate democrático ao restrinxilo a un proceso acelerado e cun uso perverso da

CSV: BORISUDGISVqct3rEs-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade de emenda do grupo maioritario, cambiando máis de 30 leis de calado do ámbito do medio rural, industrial, económico ou enerxético e avanzando en cuestións que ía lexislar este Proxecto como é a declaración de interese público superior.

Esta mala praxe somete o desenvolvemento económico, social, enerxético e industrial do noso país a un caos lexislativo e unha enorme inseguridade que profundan nas dificultades do contexto. Estas continuas modificacións regulatorias *ad hoc* levan a inseguridade xurídica e abriron varias frontes xudiciais con consecuencias imprevisíbeis en canto á responsabilidade patrimonial da administración como xa aconteceu após anular o Partido Popular o concurso eólico do bipartito por mero sectarismo. Así, recentemente, coñecemos por exemplo o caso da promotora do parque eólico da serra do Oribio, un claro exemplo da falta de planificación e de custodia do medio do goberno galego, no que a reclamación ascende a 46 millóns de euros. Así mesmo, esta situación de inseguridade supón un hándicap á hora de localizar proxectos, empresas ou de captar investimento.

Con estes precedentes, este Proxecto de lei obedece á mesma dinámica que levou Galiza a esta situación de caos e descontrol, pois pretende operar como caixón de xastre lexislativo, cun texto híbrido que mestura unha grande cantidade de asuntos, sen coherencia nin relación lóxica, empregando as normas legais para satisfacer demandas de parte. Así, moitos dos asuntos que se pretenden lexislar, deberían canalizarse a través de normativas específicas (créditos de carbono, residuos, incendios...) e con amplos procesos de planificación, exposición, consulta, asesoramento e debate.

A maiores, hai que sinalar que o texto do proxecto de lei non se acompaña dunha avaliación rigorosa do impacto económico dos proxectos nas actividades xa existentes. Por exemplo, non hai un só estudo sobre a posible afección e interferencia co sector primario e non aborda como actividades como a agricultura ou a gandería pode sufrir pola redución de terras dispoñibles ou como a eliminación de vías pecuarias pode

CSV: BORISUDEGIS-Vq6dcP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interferir ou dificultar a comunicación e a actividade socioeconómica. Así mesmo, non se analizan aspectos advertidos en foros como o Consello da Cultura e outros organismos, como a perda de valor paisaxístico e a súa influencia directa en actividades vencelladas ao ecoturismo. Do mesmo xeito que non se recollen estes impactos negativos sobre o emprego existente, tampouco se esixe que os proxectos que tiren dos recursos acheguen, canto menos, un saldo neto de emprego. No mesmo sentido, non se fai unha avaliación rigorosa de cal sería o impacto noutros aspectos como o ámbito medioambiental.

*1.2 Un goberno de costas á maioría social: falta de participación social e obstrución consciente ao Consello Económico e Social como mecanismo estatutario e consultivo de diálogo social.*

Un Proxecto de lei deste calado requiriría un profundo debate de toda a sociedade galega, que implicase a pluralidade dos diferentes sectores sociais, económicos e ambientais, universidades, clústers de innovación e foros que teñen traballado cuestións relacionadas, como o Consello Económico e Social, o Observatorio Eólico ou o Consello da Cultura Galega. Porén, o goberno galego limitou no tempo ao mínimo o proceso de exposición pública conscientes de que teñen un problema porque cada vez máis sectores sociais son conscientes do inxusto modelo enerxético polo que Galiza xera enerxía sen beneficiarse desa xeración, cada vez máis sectores da sociedade contestan a política enerxética e económica do goberno, como amosa a contestación a un modelo eólico desordenado e ineficiente, que vai da patronal aos concellos, organizacións sindicais e agrarias, asociacións culturais, medioambientais ou as propias universidades.

Cuestión especialmente grave é a obstrución consciente ao traballo do Consello Económico e Social como mecanismo estatutario e consultivo de diálogo social, segundo contempla a Lei 6/1995, do 28 de xuño. Nunca antes, nos máis de vinte e cinco anos de

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

existencia deste organismo, houbo tal inxerencia por parte do goberno galego. Así, o Consello da Xunta aprobou o 21 de decembro de 2023 o Proxecto para envío ao Parlamento sen ter en conta o ditame do Consello, que ademais foi atrasado polas presións políticas exercidas pola forza de goberno, forzando mesmo a mudar parte do ditame elaborado pola Comisión sectorial número 1, Economía, emprego e sectores produtivos, para aprobalo finalmente o 4 de decembro.

Aínda así, o informe definitivo é absolutamente demoledor canto ao contido e aos procedementos do goberno galego, advertindo xa no segundo punto a necesidade de que se debería contemplar algún mecanismo de participación institucional dos axentes sociais e económicos, e que a súa participación e consulta debería quedar ben reflectida, cuestión que non se fai.

Máis aínda, o propio Consello Económico e Social sinala no seu ditame "que non é axeitado que se tramite no Parlamento, coincidindo coa elaboración deste Ditame, unha norma na que se lexislan aspectos relacionados co contido do anteproxecto de lei obxecto de ditame, que desvirtúa o traballo encomendado a este Consello" en relación á xa citada Lei 10/2023, do 28 de decembro.

Estes precedentes son absolutamente reprobábeis, pois cómpre recordar que segundo a propia lexislación, a opinión do Consello Económico e Social debería ter neste ámbito carácter preceptivo, xa que se posiciona en relación coa actividade normativa da Xunta de Galicia en materias de especial transcendencia económico-social. Porén, a Xunta de Galiza ignora premeditadamente un traballo exhaustivo de 60 páxinas de consideracións xerais e particulares que non introduce e que farían recomendable a renuncia a este proxecto e o inicio dun traballo plural, participativo e rigoroso na materia. Ignorouno no acordo do Consello da Xunta do mes de decembro e, o que é máis grave, no

CSV: BORISUDEGISVqcdcF2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consello da Xunta de maio de 2024: finalmente incorporáronse unicamente dúas observacións menores e de carácter formal.

*1.3 Desprezo ao Parlamento galego: lexitimar o que xa se lexislou pola vía dos feitos de costas ao debate democrático.*

Aínda que este Proxecto de lei foi anunciado con carácter de "inminente" en maio de 2023, e aprobado polo Consello da Xunta o 21 de decembro de 2023, non chegou a iniciar o trámite parlamentar pola publicación do DECRETO 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións. Semella que tanta urxencia non había, mais cando, como xa se sinalou, distintos aspectos foron xa lexislados ou desenvolvidos, ben pola vía dos feitos, ben a través doutras normas. Un exemplo claro é a lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que buscaban acelerar os cambios ante a contestación social ao borrador da norma e a intención da Presidencia da Xunta de convocar as eleccións con sete meses de adianto por puro interese partidista.

Así, diversos instrumentos previstos na lei xa se están desenvolvendo, e outros que a afectan directamente, non se someten a reconsideración furtando o debate democrático. Dentro dos exemplos que se poden sinalar, o máis escandaloso é a posta en marcha xa en novembro de 2023 da empresa privado-pública Recursos de Galicia, que xa avanza unha gran falta de transparencia na liña do acontecido con Impulsa Galicia, sinalada ata tres veces polo Consello de Contas en distintos informes de fiscalización pola súa falta de transparencia, rendición de contas e clasificación.

CSV: BOPGDSPGZ2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**2. Continuísmo dun modelo económico espoliador e depredador que é contrario aos intereses ambientais, sociais e económicos de Galiza.**

*2.1 Falta de planificación e de ordenación en materia enerxética e falta de aplicación dos principios de preservación e cautela medioambiental.*

A Galiza de hoxe sofre a falta de planificación e ordenación no ámbito enerxético, singularmente no eólico, e tamén a falta de avances, cumprimento e desenvolvemento dos principios de precaución e prevención respecto da protección da biodiversidade e do medio ambiente.

Despois de anos de parálise no sector renovable, o goberno galego apostou por un desenvolvemento desordenado e masivo de proxectos utilizando como xustificación xeral, e sen adaptación á realidade e ás necesidades galegas, dos acordos e mandatos da Comisión Europea e empregando como coartada o contexto de inestabilidade política mundial e as súas repercusións no ámbito enerxético, singularmente a guerra de Ucraína.

Este camiño andouse sen a debida planificación despois de anos de parálise provocados pola anulación do concurso eólico do bipartito. Para mostra, a obsolescencia do Plan sectorial eólico de Galiza, aprobado polo Consello da Xunta do 1 de outubro de 1997 (DOG do 15 de novembro), e a Resolución do 20 de decembro de 2002 (DOG do 3 de xaneiro de 2003) pola que se aproba definitivamente a modificación do Plan sectorial eólico de Galiza (2001). Esta ordenación ficou obsoleta e desfasada polo paso do tempo, polo forte desenvolvemento tecnolóxico, polo incremento do tamaño dos aeroxeradores e polas mudanzas en relación coa protección do medio e o territorio.

No tocante á avaliación ambiental, tanto o Plan sectorial no seu conxunto como os parques que comparten localización e infraestruturas deberían ser obxecto das conseguintes avaliacións de impacto ambiental pola aplicación do principio de

CSV: BORISDDGISVqc6dcP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envío: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

precaución e para estudar os efectos acumulativos das infraestruturas, que nunha avaliación individualizada de cada parque non se teñen en conta.

Así mesmo, é obvio que no contexto actual non poden abordarse as diferentes tecnoloxías de forma individual, senón que é aconsellable facelo por medio de instrumentos de ordenación do territorio e planificación sectorial como sería a elaboración dun Mapa de necesidades e ordenación enerxética onde se planifique que tecnoloxías son precisas e cales son as localizacións preferentes. A aposta debería ser a de procurar o desenvolvemento integrado e complementario de todo o mix enerxético fronte ao monopolio dunhas tecnoloxías sobre as outras con base ao criterio da rendibilidade empresarial. Sería preciso someter esa planificación a unha avaliación ambiental estratéxica e ter en conta outros elementos como a preservación medioambiental, a ocupación e ordenación do territorio, as actividades socioeconómicas preexistentes, etc., á hora de estabelecer diferentes zonas de aproveitamento enerxético así como zonas de exclusión. Tampouco do prioritario para o goberno da Xunta de Galiza a ampliación das garantías de preservación da biodiversidade e do medio ambiente e nin sequera da Rede Natura, que aínda non recolleu e implementou as modificación propostas no 2012, cubrindo unicamente o 12,1% do territorio da Galiza.

Pola contra, o goberno galego pisou o acelerador apostando por un desenvolvemento desordenado e acumulado de proxectos, ao que contribuíu negativamente a falta de soberanía política de Galiza, que por un criterio centralista e sen fundamento científico ou técnico, non pode tramitar proxectos de máis de 50MW. Esta situación derivou nunha acumulación de proxectos de competencia estatal e autonómica que colisionan e que provocou a desprotección do territorio e das persoas e unha resposta masiva reclamando outro modelo da que participan colectivos sociais, persoas

CSV: BOPGDSPGDSPG-Ma6ddF2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propietarias das terras, sectores económicos, concellos, entidades conservacionistas e ecoloxistas ou universidades.

O Proxecto de lei, lonxe de apostar por un cambio de modelo centrar o seu desenvolvemento na ordenación e na consecución de que eses beneficios revertan na sociedade no país, debuxa un escenario no que pon aínda máis en oferta os recursos naturais da Galiza ao servizo das grandes empresas. De feito, todo o desenvolvemento normativo presentado neste proxecto de lei, no contexto enerxético, centra o seu obxectivo en redución dos prazos administrativos e facilitar a tramitación de proxectos que utilizan como vector enerxético o vento ou a auga para a súa transformación en enerxía eléctrica, afondando nos problemas que se intensificaron no último lustro.

*2.2 Falta de adecuación do Proxecto aos principios formulados, falta de rigor dos mecanismos de avaliación económicos e colisión coas previsións dos plans estatais e galegos en materia enerxética, afondando na desordenación.*

Aínda que a apelación ás motivacións da redacción do Proxecto podería ser compartida, hai unha falta de adecuación co contido puramente normativo e as súas propostas, que son antagónicas aos principios formulados.

Así, o propio Consello Económico e Social advirte no seu ditame de que “este anteproxecto de lei conleva coa súa regulación moitas implicacións sociais, laborais e territoriais, polo que ten que motivar fondamente moitos dos aspectos que regula, xa que nalgúns aspectos xera dúbidas de que a explotación dos recursos non teña un impacto negativo no emprego, na poboación e no territorio. A sinalada explotación dos recursos non pode estar só vinculada a unha cuestión de investimento ou tecnoloxía, senón que temos que poñer no mesmo nivel o emprego e protección social e a isto engádese a

CSV: BOPGDSPGvqcdcP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidade de reverter os beneficios económicos, sociais e laborais na poboación así como o respecto ao equilibrio territorial. ”

Por outra banda, o organismo consultivo tamén advirte contra a falta de motivación económica do proxecto e a falta de coherencia cos obxectivos de emprego enunciados e advirte de que o impacto social e económico debería realizarse paralela e separadamente e considera necesario que se fagan análises socioeconómicos previos, separados do estudo de impacto ambiental, que valoren o impacto dos proxectos no ámbito local e do custo de oportunidade para a vida da poboación máis alá do que a norma recolla para as avaliacións de impacto ambiental.

A todo isto súmase a incoherencia e colisión coas previsións dos plans estatais e galegos en materia enerxética, afondando na desordenación e na posta en risco dos recursos naturais que en teoría se pretende protexer e fomentar. Desta maneira, o efecto da aprobación da lei agora proxectada, sumado ás leis anteriormente citadas, crearían un contexto perfecto para que as empresas promotoras poidan pasar por riba da protección ambiental e social e dos dereitos das persoas que habitan as zonas rurais.

Ademais, pola falta de coherencia con outras planificacións e pola falta dunha reordenación de competencias a favor do desenvolvemento do autogoberno de Galiza, estes efectos non fará máis que incrementar a inseguridade xurídica dos proxectos. Por exemplo, cabe sinalar que os máis de 13.000 MW en tramitación ao abeiro da normativa xa en vigor supoñen unha importante ocupación e saturación do territorio.

Así mesmo, non se aproveita a posición vantaxosa de Galiza canto ao cumprimento de obxectivos europeos, do PNIEC e da pouco ambiciosa Axenda Enerxética de Galiza 2030 nin par a reordenación da explotación enerxética nin para que realmente o noso papel produtor sexa aproveitado a favor do desenvolvemento económico e social.

CSV: BOPGDSPGiVgddxP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre ter en conta que segundo os datos que fixo públicos Rede Eléctrica Española (REE) a comezos de 2024, Galiza exportou o 42% da produción eléctrica do ano 2023. Isto incrementa en máis de seis puntos a exportación do ano anterior, o ano 2022, e constitúe a cifra de exportación máis elevada de toda a serie histórica desde o ano 2011, data na que Red Eléctrica de España comezou a dar a coñecer os datos. Ademais, consolídase o papel de liderado de enerxía renovable de Galiza, pois a enerxía producida con renovables representa o 77,05% do total da produción, cumprindo xa os obxectivos esixidos polo marco galego, estatal e europeo.

Polo tanto, sen perdermos ambición, esta posición debe darlle ao noso país marxe para unha planificación pausada e unha reordenación adecuada. Visto que os obxectivos sinalados no PNIEC para a xeración de electricidade renovable están cumpridos e superados no presente ano, 77,05% fronte ao 74% demandado no PNIEC para 2030 e que hai aínda máis de cinco anos para dar cumprimento aos obxectivos da Axenda Enerxética de Galiza 2030 (84,8 %), non se ve necesidade ningunha de acelerar a instalación de novos proxectos de xeración eléctrica renovable sen as debidas garantías.

Por outra banda, nada se propón no proxecto de lei para a descarbonización da industria, ou mesmamente para a mobilidade, sector de gran incidencia nas emisións de gases de efecto invernadoiro que o goberno ignora.

*2.3 A oportunidade que se perde: a posibilidade dun novo modelo transformador e ao servizo de Galiza, un Pacto de país que podería impulsarse a partir das recomendacións do Consello Económico e Social.*

No lugar da vía de aceleración que suporía a tramitación deste Proxecto, Galiza precisa a apertura dunha reflexión e análise sobre o modelo económico e enerxético,

CSV: BORISDDC-SIVqd6dP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sobre a ordenación do territorio, unha nova planificación por sectores e o estudo de alternativas que nos coloquen á vangarda ao tempo que se protexe o territorio e a biodiversidade, na liña das alternativas sinaladas polo Consello Económico e Social no seu ditame.

Un dos elementos dos que carece este Proxecto é a aposta pola participación pública da Comunidade na economía e, singularmente, no ámbito enerxético. Nun contexto no que isto está normalizado no marco europeo e internacional e no que coñecementos do papel especulador do oligopolio, isto é xa non unha recomendación senón unha imperiosa necesidade. Así, o Proxecto é inválido ao repenicar fórmulas xa fallidas de participación anecdótica do goberno galego, e o propio Consello Económico e Social sinala nas "Consideracións xerais" que é preciso afondar aínda máis e sinala que "podería estudiarse a posibilidade de crear ou potenciar as entidades existentes como Axencia Pública (nomeadamente o INEGA), para promover e participar societariamente en proxectos enerxéticos estratéxicos". Nas "Consideracións particulares", o ditame do CES sinala que "O CES entende que se debería incluír un novo apartado no que se regulase a creación dunha Empresa Publica Galega de Enerxía que xestione as centrais hidroeléctricas cuxa concesión está vencida ou caducada e as que vaia vencendo ou caducando e, así mesmo, controle as participacións accionariais que ten ou vai ter a Xunta noutras empresas enerxéticas".

Estamos, pois, diante doutra oportunidade perdida para a creación dunha Empresa Pública Galega de Enerxía e para abordar debates que xa foron trasladados mediante Iniciativa Lexislativa Popular ao Parlamento Galego, e despois vetados polo Partido Popular, como a xestión pública e galega das centrais hidroeléctricas cuxa concesión está vencida ou caducada e as que vaian vencendo ou caducando ou a participación da Administración e das entidades do seu sector público directamente, ou a través de

CSV: BORISDDGIS-qcXcF2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresas mixtas, con control efectivo, en sociedades que teñan obxectivos compatíbeis cos previstos por esta lei.

Por outra banda, este proxecto deixa de lado a oportunidade de reivindicar para Galiza un trato xusto polo seu papel produtor e a asunción das súas externalidades negativas. No modelo actual as rendas xeradas pola produción e transformación de enerxía non se reteñen no noso país, nin en materia impositiva, nin deixando unha parte do beneficio, nin abaratando a nosa factura nin afianzando unha industria asociada. A modo de exemplo, cabe recordar as deslocalizacións de servizos de grandes eléctricas instaladas no país, como Naturgy ou Iberdrola, ou os peches da industria auxiliar eólica como Vestas ou Siemens Gamesa ou o caso de Ganomagoga.

Galiza ten un papel líder en produción enerxética, líder en produción renovábel e de produtor excedentario neto en enerxía eléctrica que non ten unha correlación directa no retorno e económico e social para os galegos e galegas, nin para as e os consumidores domésticos nin para os distintos axentes económicos. Esta anomalía democrática debe corrixirse e abrir unha nova etapa na que Galiza teña outro papel con relación ao Estado, no que o noso papel de subministradores e líderes en renovábeis sexa compensado con máis capacidade de autogoberno e con máis xustiza social e territorial. Así, é preciso non desaproveitar a oportunidade para un gran pacto de país que reivindique unha Tarifa Eléctrica Galega para que o papel produtor de Galiza reverta na xustiza social e no desenvolvemento económico. Este Proxecto debera incorporar a demanda de que as peaxes e cargos sexan diferentes en cada Comunidade consonte á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción e transporte.

CSV: BORISDOGISVqc6d-P2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*2.4. Unha aposta decidida e integral polo autoconsumo fronte á visión parcial prevista no Proxecto.*

O autoconsumo estase a posicionar como unha das ferramentas máis potentes para a descarbonización do consumo enerxético, tanto doméstico coma industrial.

Aparte dos beneficios económicos que o autoconsumo achega, o consumo de enerxía de proximidade e de xeito distribuído reforza a seguridade do subministro eléctrico.

Ao ser o autoconsumo eléctrico maioritariamente baseado na tecnoloxía fotovoltaica, fomenta a creación de novas empresas no sector da enxeñería e instalación, ou a transformación de empresas existentes, aportando un valor engadido á economía local.

Fomentar os proxectos de autoconsumo nas áreas industriais de Galiza, tal e como se recolle no título quinto do texto, convértese nunha medida baleira e pouco precisa.

Favorecer a instalación de enerxías renovábeis para autoconsumo é un feito positivo, pero non impoñer límites, en canto a condicionantes urbanísticos levará a polígonos e áreas industriais a converterse nun caos que, mesmamente pode ter implicacións severas no tocante á seguridade destas áreas en caso de accidentes ou catástrofes naturais.

O fomento do autoconsumo en polígonos e áreas industriais debe comezar por unha planificación ordenada destas, delimitando claramente as zonas de despregue, e limitando a tipoloxía e tamaño dos proxectos que se han de instalar en cada zona.

Equiparar as facilidades lexislativas entre autoconsumo individual e colectivo é ir en contra do propio espírito do autoconsumo, que adopta a súa máxima expresión cando

CSV: BORISDCGIS-Vq6dc-F2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se fai de xeito colectivo, minimizando custes de instalación e maximizando beneficios económicos e ambientais.

Neste senso, as comunidades enerxéticas teñen un papel protagonista que non se recolln no Proxecto. Tanto en áreas industriais como no ámbito doméstico, as comunidades enerxéticas están chamadas a liderar a transición cara un modelo enerxético sostible, ambiental e socialmente.

Nunha norma como a proposta débese de recoller este feito singular das comunidades enerxéticas e colocalas no lugar preponderante ao que están chamadas. Mesmamente este título quinto carece de ambición política, entendendo que podería ligar o autoconsumo coas comunidades enerxéticas e os mercados locais da enerxía, que serán, sen dúbida ningunha o seguinte fito a conseguir nas áreas industriais de Galiza.

*2.5. Unha nova ameaza para Galiza: pista de aterraxe para para replicar o modelo extractivo enerxético na minaría.*

Máis alá da preponderancia que adquire na norma a implantación masiva de enerxías renovábeis, principalmente polígonos e proxectos de xeración eólica, e do deseño dun completo arsenal normativo para contrarrestar o rexeitamento social ao modelo vixente e conseguir unha especie de "licenza social", o Proxecto deseña tamén un novo marco legal para acelerar o desenvolvemento de proxectos mineiros relacionados coa demanda de novos minerais, para simplificar a súa tramitación e aprobación, e para vencer o hipotético rexeitamento social a intervencións que teñen un forte impacto no territorio e no medio.

Lévase a cabo este abrazo á minaría e megaminaría sen o necesario proceso de debate e participación social sobre o papel que debe xogar Galiza neste ámbito, sen a

CSV: BORISDOCGSVqcdcP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

análise das potencialidades e recursos que ten o noso país, sen desenvolver de maneira pública e participada os instrumentos de ordenación e planificación, en considerar o control que xa teñen grandes multinacionais dos nosos recursos mineiros estratéxicos, e sen considerar a opción da declaracións dos recursos mineiros e nomeadamente dos minerais críticos como bens de carácter estratéxico e de interese público.

*2.6. Intento de lavado de cara verde introducindo outras materias no texto que deben ser abordadas de forma específica.*

O goberno galego emprega este Proxecto como caixón de xastre para múltiples ámbitos que deberían abordarse singularizadamente cos seus propios procesos de participación, estudo e desenvolvemento normativo. Máis aínda ao falarmos de cuestións que están pendentes de regulamentación europea, como é o caso dos créditos de carbono, ou outros que ademais disto teñen foros de participación que non foron empregados e consultados, como é o caso do ámbito forestal. Neste sentido, cómpre advertir que apostar por un sistema propio de créditos sen contarmos sequera cunha lei específica de cambio climático pode provocar un efecto adverso e ficar obsoleto nun prazo breve de tempo.

Súmanse incoherencias que obedecen ao intento de xustificar esta norma como incorporar unha medida parcial do ámbito da recuperación de terreos afectados por incendios forestais que, se ben é unha necesidade para o país, moito máis cando a ordenación do espazo forestal está ausente, non é adecuado que as disposicións redactadas no título cuarto figuren neste texto, dado que nada ten que ver co contido da norma e tendo en conta que se atopa en trámite o anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais.

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, unha vez máis, o goberno galego obvia a necesidade de impulsar unha negociación cos concellos galegos para ámbitos nos que o seu papel é absolutamente relevante, como o que ten que ver coa xestión dos residuos e biorresiduos. O goberno da Xunta aproveita o texto legal como atallo para establecer un novo canon á xestión dos biorresiudos e opta, sen ningún proceso de diálogo, polo aproveitamento dos residuos municipais para a produción de biogás fronte a alternativas máis sustentábeis e adaptadas á realidade galega. Tendo en conta que se está tramitando o novo Plan de Xestión dos Residuos Municipais de Galiza, o lóxico sería retirar esta parte do proxecto e integrala na llanificación sectorial en materia de residuos municipais.

En relación coa mobilidade eléctrica, unha cuestión absolutamente estratéxica para o futuro do país, que obviamente precisa dunha planificación, dun impulso e dun desenvolvemento normativo na lei do clima.

*2.7. Unha norma que non ten en conta as persoas que habitan o territorio, as persoas propietarias das terras, e, nomeadamente, as comunidades de montes en mancomún.*

O Proxecto ignora ou considera elementos secundarios as persoas que viven no territorio e a propiedade das terras. Unhas terras de vocación agrogandeira, forestal, e de interese paisaxístico e ecosistémico que son obxecto da especulación e da explotación industrial, previa recualificación e revalorización, grazas a un marco normativo favorábel que este proxecto de lei pretende perfeccionar e branquear.

Así, o texto non recolle a singularidade galega no tocante ao papel que as comunidades de montes xogan na dinamización da sociedade rural, nin a xestión que realizan sobre as boa parte do territorio da Galiza.

CSV: BOPGDSPGJgU6ditP2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente, non se teñen en conta as comunidades de augas nin a protección da auga para o consumo doméstico. Aínda que o RDL 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da lei de augas establece un marco de protección para as concesións de auga para consumo doméstico, non se fai referencia ao beneficio que as traídas veciñais achegan en canto a xestión responsable e sostibilidade; contra os que se deberían avaliar os efectos que os proxectos recollidos nesta proposta poden ter, e primar o interese da veciñanza por diante do interese económico.

**Conclusión.**

Os momentos de grandes transformacións definen o futuro e as oportunidades dos pobos e hoxe o mundo, e con el Galiza, teñen na crise climática e na obrigada transformación enerxética un enorme reto que debe implicar un cambio de paradigma sen precedentes. Da capacidade de innovación, adaptación e anticipación aos cambios dependerá o futuro de país, desde a protección medioambiental á calidade de vida das e dos galegos pasando polo modelo económico e industrial.

É, por tanto, unha necesidade democrática deixar atrás a dinámica de inercia e automatismo dos últimos tres lustros para enfrontar os retos enerxéticos e climáticos do futuro e que este camiño sexa unha panca de transformación económica e social coa protección do medio ambiente como prioridade e co retorno económico e social do papel produtor como columna vertebral.

A crise climática e enerxética, provocada por un sistema económico baseado na depredación e na especulación de recursos e a supeditación da toma de decisións a lobbys económicos e intereses xeopolíticos, sitúan a humanidade diante dun desafío sen precedentes. O esgotamento dos combustíbeis fósiles e a necesidade da descarbonización,

CSV: BORISUDCGISVqdcF2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 18:03:36
Nº Rexistro: 5509
Data envio: 07/06/2024 18:03:36.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o acceso á enerxía para o conxunto da poboación en condicións dignas ou a tensión nas cadeas de subministración son debates aos que o noso país non é alleo. Así mesmo, realidades como o deterioro ambiental, a perda de biodiversidade, os fenómenos meteorolóxicos extremos, a emerxencia climática, o incremento das temperaturas e das secas, a desertización e erosión do solo ou a contaminación da auga son algunhas das manifestacións máis evidentes deste momento histórico. Todo isto obriga a un cambio de rumbo e unha acción pública decidida ao servizo de Galiza e das maiorías sociais que, malia a súa argumentación e exposición de motivos, non recolle este Proxecto de lei.

Por todos os motivos expostos, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego solicita a devolución do Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza.**

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2024 18:03:05**

CSV: BORRADOR / REXISTRO
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envío: 04/06/2024 10:46:39.568
Data 04/06/2024 10:46

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 4 sección d) do Decreto 142/2019, do 31 de outubro, polo que se crea a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia, achégolle o **Informe de seguimento da Axenda 2030 en Galicia**, elaborada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 04/06/2024 10:46:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envio: 04/06/2024 10:46:39.568

XUNTA DE GALICIA

# INFORME DE SEGUIMENTO DA AXENDA 2030 EN GALICIA




CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envio: 04/06/2024 10:46:39.568

XUNTA DE GALICIA

## Elaboración

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Xunta de Galicia.



Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envio: 04/06/2024 10:46:39.568

XUNTA DE GALICIA

# ÍNDICE

Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envío: 04/06/2024 10:46:39.568

XUNTA DE GALICIA

Índice .................................................................................................. 4

Informe de seguimento da Axenda 2030 en Galicia ........................5

Xustificación e antecedentes ..........................................................5

Metodoloxía de elaboración do Informe ......................................... 6

Indicadores: situación dos empregados no informe e transición aos indicadores IGE ........................................................................ 8

Conclusións do informe ...................................................................13

CSV: BORISDDRGNxjyJrCcFPs-9
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envio: 04/06/2024 10:46:39.568

XUNTA DE GALICIA

# INFORME DE SEGUIMENTO DA AXENDA 2030 EN GALICIA

## Xustificación e antecedentes

O artigo 4, sección d), do DECRETO 142/2019, do 31 de outubro, polo que se crea a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia di que é función da Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 a realización dun informe de seguimento sobre o progreso no cumprimento dos obxectivos e metas fixados na Axenda 2030, que será presentado ante o Parlamento de Galicia.

A Xunta de Galicia levou a cabo un estudio de diagnose sobre a situación da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Axenda 2030. A realización deste diagnóstico sobre a Axenda 2030 na rexión permitiu coñecer o estado actual da nosa Comunidade respecto ás metas fixadas pola Organización das Nacións Unidas (ONU) para os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e identificar oportunidades de mellora para Galicia en cuestións de interese común.

O diagnóstico da Axenda 2030 estudou o avance na rexión galega para 77 metas das 169 propostas pola ONU e abarcou os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), propoñendo un total de 161 indicadores (a ONU propón 239 e Eurostat propón 100).

CSV: BOPGDSPGNxsjlo4xP8-9
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

As principais conclusións do devandito diagnóstico foron expostas na primeira sesión ordinaria do pleno da comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia, que tivo lugar a 16 de novembro de 2020.

## Metodoloxía de elaboración do Informe

A metodoloxía para a elaboración deste segundo informe foi a presentada na segunda sesión ordinaria do pleno da Comisión Interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia, que tivo lugar a 28 de setembro de 2021.

O punto de partida é o marco contextual centrado na Resolución 70/2 da Asemblea Xeral da ONU. Esta resolución expuxo que para promover a rendición de contas aos seus cidadáns, os estados membros comprometíanse a levar a cabo un seguimento e un exame sistemáticos do cumprimento da Axenda 2030 nos planos nacional, rexional e mundial.

Unha compoñente clave deste proceso é o Informe Anual de Progresos que prepara o Secretario Xeral en cooperación das Nacións Unidas. Este informe sobre os progresos basease nun marco de indicadores mundiais elaborado polo grupo interinstitucional e de expertos sobre os Indicadores dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable que se acordou, como punto de partida práctico, no 47º

CSV: BOPGDSPG-Mxjd65P8s-9
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envio: 04/06/2024 10:46:39.568



período de sesións da Comisión de Estatística, celebrado no mes de marzo de 2016.

Unha das grandes dificultades á hora de avaliar o cumprimento da Axenda 2030 nun territorio é que a ONU non fixa valores a alcanzar polos indicadores. A Axenda 2030 é unha folla de ruta universal e debe ser entendida como tal, de modo que algunhas metas son de aplicación exclusivamente global e desde Galicia, debe matizarse a súa achega á consecución da mesma.

Tamén ocorre que, en determinados casos, Galicia atópase nunha situación óptima en canto ao cumprimento da meta no seu territorio, o que lle permite buscar obxectivos máis ambiciosos para o ano 2030.

Os obxectivos que persegue o informe da Axenda 2030 de Galicia son os seguintes:

- ✓ Coñecer o estado actual de Galicia respecto ás metas fixadas pola ONU en canto a Desenvolvemento Sustentable e a Axenda 2030.
- ✓ Identificar oportunidades de mellora.
- ✓ Render contas á cidadanía

CSV: BORRADOR
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envío: 04/06/2024 10:46:39.568

XUNTA DE GALICIA

## INDICADORES PARA A ANÁLISE

Nos informes de seguimento da Axenda 2030 teñen un papel clave os indicadores e, neste sentido, antes de elaborar este informe definíronse os requirimentos que deben ter os indicadores a utilizar neste novo informe diagnóstico da Axenda 2030 de Galicia.

**Requirimentos dos indicadores** para a inclusión no presente informe:

- ✓ O dato ten que ser representativo para toda Galicia, non estar territorializado.
- ✓ Deben ter actualizacións periódicas (preferentemente anuais) e dispoñer de datos no período 2015-2019 co obxectivo de poder avaliar a súa evolución.
- ✓ Deben existir datos nacionais equiparables para que se poidan comparar.
- ✓ Deben estar dispoñibles na internet e de acceso aberto á cidadanía para que poda contrastar a información que se inclúe no documento.
- ✓ Na selección dos indicadores terán prioridades os indicadores que publica o IGE para a Axenda 2030 sobre os que publica o INE.
- ✓ Os indicadores teñen que poder asociarse aos obxectivos das metas publicados por organismos públicos.
- ✓ Para a realización dunha comparativa con outros territorios, os indicadores elixidos teñen que ser relativos, non de números absolutos que non permiten a comparación.



Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

En relación cos indicadores saliéntase tamén que cando se procedeu á elaboración do primeiro informe sobre a área ambiental da Axenda 2030 (ano 2017-2018) non existían indicadores específicos para esta área, nin do Instituto Galego de Estatística (IGE) nin do Instituto Nacional de Estatística (INE), polo que se solicitou colaboración a todas as Direccións Xerais co obxecto de identificar aqueles indicadores que mellor se adaptasen ás metas propostas. Na área social xa foron empregados os indicadores do INE que estaban dispoñibles nese momento. Se ben, para ambas áreas, a totalidade de indicadores relativos a ese informe foron consensuados con todas as Direccións Xerais.

Este segundo informe non inclúe, polo tanto, os mesmos indicadores que o primeiro informe xa que neste, e nos seguintes, preténdese empregar indicadores do IGE específicos para a Axenda 2030, para os que existe un traballo de desenvolvemento importante. Ademais, neste informe inclúense datos dos indicadores seleccionados desde o ano 2015 ata o 2020, polo que é posible analizar a evolución dos indicadores desde a adopción pola Asemblea da ONU da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.

A Metodoloxía de elaboración deste informe permitiu traballar de xeito coordinado entre os diferentes departamentos.

CSV: BOPGDSPG-Nxjdr4sP3-9
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

## ANÁLISE BASEADO NAS METAS E IDENTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS OU INSTRUMENTOS POSTOS EN MARCHA

A base do informe son as **METAS** como nivel básico de análise. Para iso, o primeiro paso foi asignar a responsabilidade das distintas unidades ou organismos da Xunta na consecución das metas.

O segundo paso foi definir os indicadores que permitan asociar a evolución dos indicadores coas accións e actuacións levadas a cabo na consecución da metas. Para facilitar a recollida desta información facilitouse unha ficha para identificar as actuacións levadas a cabo para cada unha das metas xunto co indicador asociado.

Este informe de diagnóstico da Axenda 2030 estuda o avance na rexión galega para 60 metas das 169 propostas pola ONU e abarca 16 dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, propoñendo un total de 172 indicadores (a ONU propón 239 indicadores e Eurostat propón 100). No anterior informe foron 77 as metas e 161 os indicadores, aínda que se centraron en indicadores adaptados a Galicia e, nalgúns casos sen posibilidade de facer comparativa a nivel global. Os indicadores que se presentan neste novo informe céntranse mais en cuestións de interese común evitando incorporar aquelas de marcado carácter doméstico que carezan de interese global.

CSV: BOPGDSPGdyiq6d5P3-9
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

## Indicadores: situación dos empregados neste informe e transición aos indicadores IGE

Este informe de seguimento elabórase nun momento de transición entre os indicadores que se empezaron a empregar en Galicia no 2018 cando o INE e o IGE non publicaban indicadores relacionados cos ODS e se escolleron indicadores a desenvolver polas Consellerías e os indicadores que dende o ano 2019 INE e IGE empezaron a publicar. Na II sesión da Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 definiuse a nova metodoloxía que conta cos 172 indicadores, empregados neste informe, dos cales 32 deles non están recollidos polo IGE pero son datos dispoñibles nas consellerías.

Actualmente, o IGE conta cunha ampla batería de indicadores estatísticos en relación coa Axenda 2030, superando os 230 indicadores, publicados todos eles na plataforma de consulta pública www.ige.gal xunto as series de datos estatísticos procedentes de fontes de información oficiais que permiten medir a nivel autonómico os indicadores definidos polas Nacións Unidas. histórica e a metodoloxía de cálculo para cada un deles, así coma a súa periodicidade de cálculo.

Sendo a misión do IGE, promover o desenvolvemento do sistema estatístico da Comunidade Autónoma e prestar servizos de recompilación e difusión da documentación estatística dispoñible, desenvolver bases de datos de interese público, considérase



CSV: BOPGDSPGNvkjb0xSP3s-9
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envio: 04/06/2024 10:46:39.568



oportuno que para o desenvolvemento dos vindeiros informes de seguimento de Galicia, se empreguen unicamente os indicadores publicados polo IGE.

O emprego dos indicadores do IGE para a elaboración dos informes de seguimento da Axenda 2030 en Galicia conta cunha limitación importante: ao estar baseados nos indicadores da ONU, non inclúen metas ou valores a acadar, polo que non inclúen unha análise da tendencia do indicador o valoración do cumprimento e, por tanto, non é posible coñecer a través da plataforma do IGE cales son aquelas iniciativas desenvolvidas desde a Xunta de Galicia en liña coas Metas e Obxectivos da Axenda 2030.

Co fin de solucionar esta limitación e poder ter un proceso automatizado de recompilación dos datos necesarios para a elaboración deste e dos próximos informes de seguimento en Galicia, empezouse a empregar a ferramenta MideNet que permite avaliar as tendencias de cada indicador e o grao de cumprimento dos ODS que se vaia acadando en Galicia.

CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envío: 04/06/2024 10:46:39.568

XUNTA DE GALICIA

## CONCLUSIÓNS DO INFORME

O estudo publicado en 2022 pola OCDE "The Sustainable Development Goals as a framework for COVID-19 recovery in cities and regions", concluía que menos da metade dos entes locais e rexionais utilizan indicadores e sistemas de medición para o seguimento dos avances en relación cos ODS. A Xunta de Galicia **foi pioneira no emprego de desenvolvemento de indicadores** para a avaliación dos ODS, empezando esta actividade no 2018 cando aínda non estaban dispoñibles os indicadores do INE e o IGE.

Este informe de seguimento conta xa cunha alta integración dos indicadores publicados polo IGE, permitindo a comparativa co Estado español e outras rexións.

A continuación pode verse **o número de indicadores empregados** neste informe que están asociados as diferentes metas de cada ODS.






CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

**Os ODS con maior número de indicadores** son o ODS 3 de Saúde, seguido do ODS 8 sobre Traballo e Crecemento económico, o ODS 5 de Igualdade e o ODS 4 de Educación. Mentres que os ODS con menor número de indicadores son os ODS de índole ambiental, de modo que incluso o ODS 14 non conta con ningún indicador e por tanto non foi avaliado neste informe de seguimento.

Esta situación dos indicadores ambientais, foi unha das razóns polas que no ano 2018 se comezou o estudo diagnóstico de indicadores ambientais da Axenda 2030 en Galicia.

Compre considerar que a valoración dos indicadores empregados neste informe cubre o período 2015-2020, sempre e cando haxa datos dispoñibles.

Antes de comezar coas conclusións xerais da avaliación de indicadores, é importante destacar que o ano 2020 foi o ano do comezo da Pandemia da Covid-19. Esta crise global vese reflectida en moitos indicadores, non soamente naqueles relacionados co benestar e a saúde, se non tamén naqueles relacionados co crecemento económico posto que durante os varios confinamentos que tiveron lugar durante o ano 2020, a maioría das actividades económicas non esenciais estiveron detidas. Así mesmo moitos sectores como o turismo ou o lecer, aínda están en proceso de recuperación. Polo tanto, á hora de revisar a tendencia dos indicadores entre 2015 e 2020 é preciso non esquecer a particularidade do ano 2020.



CSV: BOPGDSPGxxxx-xxxx-x
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envío: 04/06/2024 10:46:39.568

XUNTA DE GALICIA

O seguinte gráfico mostra **unha avaliación da tendencia para o período 2015-2020 dos indicadores das metas** en relación a cada Obxectivo de Desenvolvemento Sostible.




Para a creación desta gráfica, asignouse un valor de "1" para todos os indicadores con tendencia positiva entre os anos 2015-2020, un valor de "0" para aqueles con tendencia negativa e un "0,5" para aqueles con tendencia irregular ou tendencia positiva que tornase negativa no 2020. O gráfico, mostra por tanto, a media da tendencia de todos os indicadores de cada ODS.

**A conclusión principal que arroxa o gráfico é que en Galicia a maioría dos indicadores para cada ODS presentan unha tendencia positiva no período 2015-2020**.

Destacan os ODS 6 Auga limpa e saneamento, o ODS 7 Enerxía accesible e non contaminante e o ODS 15 Vida de ecosistemas



CSV: BOPGDSPGNxkgf3Bs-9
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envio: 04/06/2024 10:46:39.568



terrestres, con todos os indicadores avaliados cunha tendencia positiva desde que a Axenda 2030 se puxo en marcha no ano 2015 ata o ano 2020 inclusive. A continuación atopamos o ODS 9 Industria, innovación e infraestrutura seguido do ODS 5 Igualdade de xénero coa maioría dos seus indicadores cunha tendencia positiva.

Ademais da tendencia entre 2015 e 2020, **os indicadores permiten tamén a comparación dos datos en Galicia cos resultados en España**, aspecto necesario para unha correcta avaliación xa que é importante saber se a tendencia tanto positiva ou negativa é unha cuestión autonómica ou estatal.

O resultado da comparativa móstrase no seguinte gráfico:




Para a creación desta gráfica, asignouse un valor de "1" para todos os indicadores cun valor mellor co valor estatal no ano 2020 e un valor de "0" para aqueles con peores valores, mostrando a media destes valores para cada un dos dezasete ODS.



CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Cabe destacar o ODS 16 Paz, xustiza e institucións sólidas no que todos os indicadores avaliados mostran unha situación mellor ca media estatal, todos os ODS teñen polo menos a metade dos seus indicadores cun mellor resultado a nivel galego que a nivel estatal, destacando os ODS 5, 3, 1, 11 e 10, todos eles con máis do 75% dos indicadores con mellores resultados. Nesta comparativa os peores valores correspóndense co ODS 12 Produción e consumo responsable que mide 2 indicadores relacionados coa xestión de residuos e os dous teñen peor dato que o indicador estatal e o ODS 17 Alianzas para acadar os obxectivos, que dos 6 indicadores asociados 5 teñen peor dato que o valor estatal.

Isto demostra que Galicia ten un forte compromiso coa Axenda 2030 e está a traballar activamente na consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, tal e como reflicte que os seus orzamentos estean aliñados coas metas dende o exercicio orzamentario do ano 2021, ou que a principal ferramenta de planificación da Xunta de Galicia, o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, teña en conta os ODS para deseñar a Galicia do futuro.

Este compromiso vese reflectido nos 172 indicadores revisados neste informe, os cales, en termos xerais, **mostran unha melloría desde o ano 2015**, ano en que se pon en marcha a Axenda 2030 e 2020, último ano a ter en conta para a realización deste informe.

A pandemia da COVID 19 ocasionou un forte descenso da actividade económica mundial no ano 2020, moi superior á da caída observada



CSV: BOPGDSPGNkyl6dzP3s-9
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envio: 04/06/2024 10:46:39.568

trala gran recesión de 2008. As medidas de confinamento e distanciamento social adoptadas en todos os países para conter a propagación do virus e evitar a sobrecarga dos sistemas sanitarios provocaron esta caída, a cal se reflicte nalgúns dos indicadores revisados neste informe.

Ante o reto de avance e melloría dos ODS da Axenda 2030, a **Xunta de Galicia seguirá impulsando medidas que favorezan o paso cara unha Galicia máis inclusiva socialmente, máis ecolóxica e climaticamente neutra, máis dixital, máis resistente e mellor adaptada** aos retos actuais e futuros, con capacidade de axuste para afrontar posibles crises.

CSV: BOPGDSPG-Vmjd61Ps-9
Verificación: CVE-PREPAR: f0b906e6-e9e2-a3c3-ce48-7f5cd2b8a551
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 10:46:39
Nº Rexistro: 5268
Data envío: 04/06/2024 10:46:39.568

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/06/2024 10:46:38

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 11:26:57
Nº Rexistro: 5156
Data envío: 31/05/2024 11:26:57.861

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao incumprimento das actuacións incluídas no Plan Move.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno da Xunta aprobou no ano 2010 o coñecido como Plan Move (Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015), no que se previa unha programación estratéxica de investimentos e actuación na rede viaria.

Este plan previa diferentes tipos de actuación: en vías de alta capacidade, en vías estruturantes, en vías complementarias, en ámbito urbano, de seguridade viaria…Tamén incluía previsión de investimentos de cada unha das actuacións así como o calendario de execución das mesmas.

Transcorridos 14 anos desde a aprobación do Plan, unha boa parte das actuación previstas non están executadas e outras están en fase de proxecto ou en execución. Cómpre ter en conta que a maior parte das actuacións deberían estar rematadas no ano 2015.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento das previsións do Plan Move?



CSV: BOPGDSPG-1bPitnd7V-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 11:26:57
Nº Rexistro: 5156
Data envío: 31/05/2024 11:26:57.861

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuación das previstas no Plan Move foron desbotadas e por que razón?

Que previsións ten a Xunta en relación coa execución das actuacións estratéxicas incluídas no Plan Move?

Ten previsto o Goberno galego elaborar unha nova planificación estratéxica de ampliación e modernización da rede viaria?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Paulo Ríos Santomé**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 31/05/2024 11:24:03**

**Paulo Ríos Santomé na data 31/05/2024 11:25:49**

CSV: BOPGDSPG-1SiPtdP26-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 12:07:26
Nº Rexistro: 5166
Data envío: 31/05/2024 12:07:26.330

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as condicións de uso da Illa de San Simón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un ben pertencente ao dominio público marítimo-terrestre cuxa titularidade pertence ao Estado. Por Orde do 19 de setembro de 1997, o Ministerio de Medio Ambiente outorgou á Xunta de Galicia a concesión da ocupación de 33.361 m2 de terreos para usos relacionados cos recursos mariños. Posteriormente, con data de 12 de xullo de 2001, autorizábase a modificación da concesión anterior para levar a cabo as obras contidas no "Plan Director das Illas de San Simón e San Antonio", de conformidade coas condicións que substitúen na súa totalidade as contidas na Orde anterior.

Segundo esta concesión, a illa non poderá dedicarse a usos distintos dos incluídos na concesión, que recolle como uso principal o docente e cultural. Queda prohibido expresamente o uso hoteleiro e a administración estatal debe informar con carácter vinculante os proxectos de xestión directa ou indirecta que se presten nas illas. Ademais, establécese o principio de acceso público e gratuíto.

Ademais da súa natureza de ben de dominio público, a Xunta de Galicia declarou as Illas de San Simón e San Antonio Ben de Interese Cultural, coa categoría de Sitio histórico. Neste sentido, as administracións con competencias na materia están



CSV: BOPGDSPGEVqcG0yFP69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 12:07:26
Nº Rexistro: 5166
Data envio: 31/05/2024 12:07:26.330

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obrigadas a cumprir o establecido na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia nomeadamente en relación coa obriga de aprobar Plans especiais de protección.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Está cumprindo a Xunta de Galiza as obrigas derivadas da concesión da illa de San Simón e San Antón, outorgada polo Ministerio de Medio Ambiente na Orde do 12 de xullo de 2001?

2. Considera o goberno galego que a organización por empresas privadas de actividades hostaleiras como ceas se axustan ás condicións da concesión?

3. Considera a Xunta de Galiza que un BIC é un espazo axeitado para a organización de actividades lucrativas como ceas por parte de empresas privadas?

4. O edificio no que se desenvolven estas actividades hostaleiras están acondicionados para este uso?

5. Quen se fai cargo dos gastos de vixilancia, consumo enerxético e outros medios necesarios para a organización destas actividades lucrativas?

6. Existe algunha concesión de servizos na illa que inclúa a organización de actividades hostaleiras e concretamente a organización de ceas polas que as persoas asistentes pagan 30 euros, incluída a viaxe?

7. Estanse cumprindo as condicións da concesión no relativo ao acceso público e gratuíto a San Simón?

8. Está aprobado o Plan Especial de Protección do sitio histórico Illas de San Simón e San Antón, a que obriga a lei de patrimonio cultural de Galicia?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024



CSV: BOPGDSPG-Vmq3OyPL9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 12:07:26
Nº Rexistro: 5166
Data envio: 31/05/2024 12:07:26.330

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Carmela González Iglesias**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 31/05/2024 12:00:05**

**Paulo Ríos Santomé na data 31/05/2024 12:02:44**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 31/05/2024 12:03:55**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/05/2024 12:04:37**

**Alexandra Fernández Gómez na data 31/05/2024 12:05:25**

**Carmela González Iglesias na data 31/05/2024 12:06:07**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un espazo de extraordinario valor cultural, natural, histórico e paisaxístico. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000.

A illa ten un grande valor simbólico como espazo da memoria histórica galega: escenario da represión franquista entre 1936 e 1943, foi tamén lugar da loita pola liberdade, da solidariedade e da resistencia democrática fronte ao fascismo.

A páxina web da Xunta de Galicia fai referencia explícita a esta cuestión:

*Un dos obxectivos da Illa de San Simón é o fomento da memoria histórica a través de accións de investigación, análise e divulgación sobre a base do acontecido no arquipélago, que entre 1936 e 1943 foi convertido en cárcere de presos políticos e espazo de represión polo réxime da Ditadura de Franco.*

*Este tráxico pasado ten convertido a San Simón nun símbolo da dignificación das súas vítimas, e no máis axeitado escenario para traballar na recuperación da nosa historia e afortalar na nosa sociedade os valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos e civís.*



CSV: BOPGDSPG-0mDHdHz2S-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 12:29:14
Nº Rexistro: 5172
Data envío: 31/05/2024 12:29:14.048

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia esta declaración de intencións, a realidade é que a partir do ano 2009 desapareceron os contidos e a programación de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica democrática de iniciativa institucional, de xeito que a única actividade anual que se realiza na Illa relativa a esta temática está organizada polos colectivos memorialistas galegos.

A ausencia dun plan de usos da illa e dunha programación institucional estábel de iniciativa pública está a provocar de feito a privatización do espazo coa proliferación de actividades organizadas por empresas e de marcado interese comercial.

É habitual que empresas privadas desenvolvan na illa procuras do tesouro, festivais, ceas e todo tipo de celebracións e actos lúdicos que non son propios dun espazo con este significado e simbolismo.

Para o BNG constitúe unha ofensa á memoria das vítimas que se organicen estas actividades lúdicas nun espazo que foi un lugar de cautiverio, de terror, de fame, de illamento e de morte, o máis terríbel de toda Galiza, no que estiveron encarceradas máis de 6.000 persoas e no que centos de presos morreron de fame, de enfermidade e por asasinatos centos delas. Acaso alguén imaxina que empresas privadas organicen ceas de Samaín e visitas con probas terroríficas en cemiterios ou campos de concentración?

Para os colectivos e persoas comprometidas coa recuperación da memoria histórica, a Illa de San Simón non pode ser un parque temático recreativo, un parque de atraccións, unha zona de acampamento, e tampouco a illa do tesouro.

É un lugar histórico, natural e cultural que merece coidado e dinamización. E que debe ser tratado con respecto e sensibilidade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que criterios segue a Xunta de Galiza para autorizar todo tipo de actividades lúdicas e recriativas na illa de san Simón?

-Considera a Xunta de Galicia que nas actividades desenvolvidas na illa de San Simón ocupa un lugar axeitado a recuperación da memoria histórica e nomeadamente o coñecemento e lembranza da etapa en que foi campo de concentración?

-Considera a Xunta de Galiza que un BIC que ademais é un lugar de memoria pode acoller todo tipo de actividades lucrativas e que ofenden a memoria das vítimas do franquismo?

-Ten previsto a Xunta de Galiza aprobar un Plan de usos da illa de San Simón e promovela como espazo simbólico da represión, da resistencia contra o terror franquista e da loita polas liberdades e os dereitos democráticos?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Carmela González Iglesias**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BORISDPRG3OmQ0kKZ9-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 12:29:14
Nº Rexistro: 5172
Data envio: 31/05/2024 12:29:14.048

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Luis Bará Torres na data 31/05/2024 12:23:55**

**Paulo Ríos Santomé na data 31/05/2024 12:25:59**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/05/2024 12:26:37**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 31/05/2024 12:27:05**

**Alexandra Fernández Gómez na data 31/05/2024 12:27:45**

**Carmela González Iglesias na data 31/05/2024 12:28:13**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 13:45:14
Nº Rexistro: 5186
Data envio: 31/05/2024 13:45:14.770

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Ariadna Fernández González, Iago Suárez Fernández** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a redución da actividade asistencial do SERGAS no verán .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade pública galega é de extrema gravidade. Nos últimos días veñen de facerse públicas as listas de agarda hospitalarias recollendo a situación ao peche do ano 2023. Nestas listas podemos observar como aínda 45.027 están agardando por unha cirurxía, 212.281 están pendentes dunha primeira consulta hospitalaria e 114.632 agardan por unha proba complementaria. Listas que non reflicten totalmente a realidade, pois o Partido Popular mantén ocultas as listas de agarda non estruturais, nas que se acumulan miles de pacientes sen ter ningún acceso á información que lles corresponde, e sen permitir unha análise completa da situación do sistema sanitario.

Con este volume de actividade asistencial estancada, o Sergas planifica reducir a súa actividade asistencial durante o verán. Deste xeito quedarán inactivas 780 camas hospitalarias neste verán, 115 máis que no mesmo período de 2023. Na área sanitaria da Coruña deixarán de funcionar 204 camas; o CHUF bloqueará 36; 112 camas na área de Santiago e Compostela, que se suman ás 70 camas inactivas desde hai meses do Hospital Gil Casares por mor das obras que están tendo lugar neste centro; 134 na área de Lugo; a área de Vigo pechará 140 camas; e 122 de camas en Pontevedra. A área

CSV: BOPGDSPG-bjCwGHRzs-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 13:45:14
Nº Rexistro: 5186
Data envio: 31/05/2024 13:45:14.770

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitaria de Ourense, pola contra, non ten intención de fechar ningunha cama no que resta de ano.

Esta é unha política que non resulta novidosa na Xunta de Galiza, xustificando este bloqueo de camas hospitalarias pola redución de patoloxías estacionais e a correlativa redución de ingresos hospitalarios. Mais o certo é que se trata dunha política que furta a posibilidade de reducir as avultadas listas de espera, ademais de ter provocado situacións complicadas pola reorganización das plantas de hospitalización que provoca, ademais de empeorar a saturación dos servizos de Urxencias, tanto hospitalarios coma nos PAC.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que consideración lle merece ao goberno galego este bloqueo de camas, que se incrementa respecto ao ano anterior, a baixada de actividade nos quirófanos e nas probas diagnósticas, e a non substitución do persoal mentres privatiza servizos e deriva doentes sistematicamente á sanidade privada? Considera que estas medidas son unha defensa da sanidade pública?

- Que avaliación ten realizada o goberno galego da repercusión do peche de unidades de hospitalización, diminución de quirófanos, probas diagnósticas e consultas sobre as listas de espera do Sergas?

- En base a que informe fai a Consellería de Sanidade a planificación da atención sanitaria no verán (listas de espera, persoal dispoñíbel para ser contratado, repercusión nas listas de espera da baixada de actividade destes meses...)? Ten previsión de facer público este informe?

CSV: BOPGDSPGa7wGRRs7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 13:45:14
Nº Rexistro: 5186
Data envio: 31/05/2024 13:45:14.770

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales son as contratacións realizadas nos centros hospitalarios para substituír ao persoal nos meses de verán, desagregadas por centro, especialidade, mes ou quincena, e por categorías profesionais?

- Por que non fai públicas as listas de espera globais, tanto estruturais coma non estruturais, de intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas e consultas?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
**Montserrat Prado Cores**
**Ariadna Fernández González**
**Iago Suárez Fernández**
**Olalla Rodil Fernández**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 31/05/2024 13:38:41**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2024 13:42:25**

**Ariadna Fernández González na data 31/05/2024 13:43:08**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 13:45:14
Nº Rexistro: 5186
Data envio: 31/05/2024 13:45:14.770

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iago Suárez Fernández na data 31/05/2024 13:43:35**

**Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2024 13:44:16**

CSV: BOPGDSPGhb7iwGRRse9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 16:40:30
Nº Rexistro: 5198
Data envío: 31/05/2024 16:40:30.273



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

O 28 de maio de 2024 publicouse o informe FEDEA (Fundación de Estudios de Economía Aplicada), unha entidade sustentada por varias empresas financeiras, analiza a evolución do gasto social (sanidade, educación e benestar) das comunidades autónomas nos últimos anos. Con datos de 2022 -os máis recentes dispoñibles- conclúe que a práctica totalidade delas xa recuperara e superara o nivel real (descontada a inflación) de orzamento social previo aos recortes, tomando como referencia o ano 2011. Pero tamén advirte que a intensidade dese gasto non é homoxénea e nunha das súas variables, o gasto por habitante axustado, Galicia é a última do Estado.

En concreto, en termos reais o gasto no estado de benestar creceu nun 7,6 % para o conxunto de comunidades. As partidas que máis contribuíron a este crecemento son a remuneración de asalariados e, en menor medida, os consumos intermedios e as transferencias sociais en especie. Con todo, é importante sinalar que esta mellora no estado de benestar non se podería materializar sen o apoio da Administración Central que puxo en marcha programas de asistencia e apoio financeira ás CC.AA. e, ademais, proporcionou recursos extraordinarios entre os anos 2020 e 2022 para paliar os efectos da pandemia do Estado (fondos extraordinarios pola Covid).

O informe de FEDEA citado conclúe que o conxunto das autonomías xa recuperou e superou en termos reais o gasto social previo aos recortes cuxa

CSV: BORISDRCJ-KfVTA6F2-39
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

existencia aínda que no caso galego o incremento foi inferior á media e non se recuperou.

O gasto social en Galicia no exercicio 2022, ano no que Alberto Núñez Feijóo abandonou a presidencia da Xunta para cambiala polo liderado estatal o PP, estaba segundo este informe un 3,9 % por riba do de 2011. É dicir, descontando o efecto da inflación, o Goberno galego destinou nese ano a partidas sociais un 3,9 % máis que antes dos recortes, un incremento inferior á media (7,6 %) e afastado das autonomías nas que máis aumentou, caso de Balears e Canarias -na contorna do 20%- ou Euskadi, con arredor do 15 % de avance.

É ao ollarmos ao gasto real por habitante axustado (a división destas partidas polo número de habitantes e aplicando diversos criterios de necesidade de financiamento, coma o envellecemento), onde Galicia sae peor parada. Outra volta con datos de 2022, neste índice Galicia acada un valor 92 no que o 100 sería a media estatal. É a última, por tras de Baleares, Madrid, Canarias, Andalucía, Aragón, Castela - A Mancha, Castela e León e Asturias, tamén por baixo da media. Lideran o rexistro Euskadi e Navarra, con valores de 125 e 124, respectivamente.

Os malos rexistros de Galicia en comparación co resto do Estado tampouco son homoxéneos dentro das tres grandes partidas sociais: sanidade, educación e benestar. Sempre segundo as cifras do informe de FEDEA, que bebe dos datos dos orzamentos xerais da Comunidade autónoma galega incremento da dotación económica real é especialmente cativo en educación, que cun incremento real de apenas o 4,8 % entre 2015 e 2022, é o terceiro menor do Estado.

En relación ó gasto sanitario, o avance orzamentario real en sanidade, un pouco por riba do 12 %, está tamén entre os máis discretos do Estado -é o

CSV: BOPGDSPGJKfvTA6rF2s9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quinto menos intenso- e por baixo da media. Mentres, en política social, Galicia si sae mellor parada. O avance foi neste caso superior ao 37 % entre 2015 e 2022, o quinto maior do Estado e superior á media, situada nun 32,5 %.

Asemade, o informe de FEDEA analiza foron os destinos destes incrementos de orzamentos sociais, case a metade deste aumento entre 2015 e 2022 foi para a partida que denominan "remuneración de asalariados", isto é, salarios do persoal que presta estes servizos públicos, especialmente en sanidade e educación.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as causas de por que o Goberno galego se atopa á cola, en comparativa, con outras comunidades autónomas en gastos público no estado de benestar: educación, sanidade e servizos sociais?
2. Admite o Goberno galego que a maior parte do incremento do gasto público no estado de benestar nos anos 2020 a 2022, se debe aos recursos extraordinarios que aportou o Goberno de España para paliar os efectos da pandemia?

Santiago de Compostela, 31 de maio do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 31/05/2024 16:36:30**

CSV: BORISURE3-KfW3dFt2-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Silvia Longueira Castro na data 31/05/2024 16:36:40**

**Elena Espinosa Mangana na data 31/05/2024 16:36:48**

CSV: BORISDPGJKqw7ab5P2-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2024 11:22:01
Nº Rexistro: 5221
Data envio: 03/06/2024 11:22:01.756

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García** e **Olalla Rodil Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza invista como mínimo 700 mil euros ou no Hospital-Asilo de Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Asilo de Ribadeo  cumpre unha función moi importante no concello de Ribadeo no que da servizo entre 26 e 40 persoas dependendo da época.

Debido ao seu estado, desde hai anos detectouse a necesidade de que o edificio deste Hospital Asilo tivese unha reforma e adecuación aos tempos de hoxe para poder ofrecer un servizo de maior calidade e que as persoas que se atopan no mesmo reciban máis e mellores coidados.

Desde o 7 de xuño do ano pasado os e as usuarias tiveron que deixar o edificio movéndoos a outros centros e xerando unha situación moi incómoda para as familias e os propios usuarios e usuarias.

Como é evidente, as familias desexan que esta situación remate canto antes, mais o que sabemos até o de agora é que en 7 meses só se executou un 4% do orzamento proxectado, quedando o 96% para cumprilo nos 11 meses restantes.

Relacionado con isto, é moi importante falar do orzamento. O seu custe total cífrase en 1.636.000  euros e que se dividiu nun total de 900 mil euros aportados polo

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2024 11:22:01
Nº Rexistro: 5221
Data envio: 03/06/2024 11:22:01.756

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello en 2023 a través dun préstamo e o restante aportado pola herdanza do Doutor Moreda.

Pero este orzamento realizouse a pesar da Xunta de Galiza, xa que por cuestións competenciais debería ser a Xunta de Galiza a administración que sufragase a totalidade deste gasto. Pola contra o único que os e as ribadenses teñen enriba da mesa son promesas, sempre en campaña electoral, nas que din que chegarán 700 mil euros por parte da Xunta de Galiza que nunca chegan.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza sufragar con 700 mil euros parte das obras do Hospital Asilo de Ribadeo?
- Cando vai chegar esa cantidade de diñeiro tantas veces prometida?
- Porque a Xunta de Galiza non puxo aínda esa cantidade de diñeiro?
- Vai colaborar dalgún outro xeito?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**
**Olalla Rodil Fernández**
Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BORISDCGUNxBTP3s9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2024 11:22:01
Nº Rexistro: 5221
Data envío: 03/06/2024 11:22:01.756

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García na data 03/06/2024 11:19:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2024 11:20:28**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2024 12:56:01
Nº Rexistro: 5231
Data envio: 03/06/2024 12:56:01.902

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, Carlos López Font** e **Paloma Castro Rey**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Rolda Leste ou a LU-021 é unha autovía galega que circunvala a cidade de Lugo: o primeiro tramo, de 2,4 quilómetros, foi inaugurado no ano 2009. O proxecto do segundo tramo, que tería unha lonxitude de case 3 quilómetros, está paralizado dende a finalización do primeiro.

Ano tras ano, vimos como nos orzamentos autonómicos se reflectía unha partida dedicada a ese fin sen que se executara nin un só euro e sen que se avanzara nada na súa tramitación. Logo se pasou á ausencia de financiamento por parte da Xunta de Galicia. E neste último ano, o Goberno galego incluíu nos orzamentos 5 millóns de euros, aínda sabendo que non sería posible acometer a obra.

Iso si, cando se acercaba algunha cita electoral o PP utilizaba esta obra como un tema recorrente de cara a promesas e compromisos, e logo nada se facía a este respecto.

Nestas ultimas eleccións municipais volveu pasar e vimos como, unha vez máis, se sacou dun caixón o proxecto para darlle continuidade a outro iniciado hai vinte anos, iso si, sen contemplar ningún tipo de adaptación do mesmo ás novas disposicións medioambientais a pesar do tempo que transcorreu dende o seu inicio.
Esta circunstancia obrigou ao Concello de Lugo e á Deputación Provincial a presentar alegacións ao proxecto co fin de actualizalo a nova normativa por desfase da anterior.

CSV: BOPGDSPG-4vRj9GB2s-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

Nas mesmas, propúñanse, entre outras cuestións, a revisión da evolución normativa realizada desde o 2003 e se alertaba dos substanciais e discordantes cambios da cartografía presentada no PXOM. Tamén se advertía do impacto da obra sobre o Plan Especial de Protección do rio Miño, que non foi analizado.

Agora, unha ano despois, a propia Axencia Galega de Infraestruturas danos a razón porque acordou volver avaliar o proxecto desde o punto de vista do seu impacto ambiental, deixando sen efecto o proceso de información pública, que o PP, diante dunhas eleccións, retomou sen ter en conta estas cuestións non menores. É máis, a mesma AGI sostén que detecta na proposta de trazado e execución unha “excesiva afección ambiental” no parque periurbán do río Rato.

Dende o PSdeG entendemos que a Rolda Leste é unha infraestrutura necesaria para o desenvolvemento e crecemento da cidade de Lugo polo que debe ser finalizada, pero a súa execución non pode supoñer un prexuízo para a contorna, paisaxe ou riqueza patrimonial e medioambiental dos e das lucenses. Existen outros aspectos do proxecto que son mellorables, polo que, ao iniciar un novo procedemento de avaliación ambiental, debe terse en conta a normativa vixente, especificamente a Lei 21/2013 de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, e a Lei 9/2018 de 5 de decembro pola que modifica, entre outras, a referida lei 21/2013. Así mesmo, debe analizar o impacto sobre a Vía Künning - que se atopa en proceso de ser recoñecida oficialmente como vía de peregrinación-, e aproveitar para completar o anel hídrico de abastecemento de auga, cuestión que resulta fundamental tanto para o desenvolvemento desta rede nas parroquias do rural como para a súa conexión na zona sur da cidade, á altura da Avenida de Madrid.

Como diciamos, a declaración de impacto ambiental presentada pola Xunta basease nun proxecto do ano 2003 e non pode ser válida para unha actuación no período actual, con condicións máis esixentes para preservar a contorna

CSV: BOPGDSPGTYn9cBfx-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

natural e unha maior concienciación cidadán ante a crise climática que nos afecta, polo que é necesario sometela a un novo procedemento de avaliación que garanta a prevención de impactos ambientais nos trazados que se propoñan.

O proxecto de actualización debese aproveitar para facer un estudo maior e asegurar a súa inocuidade sobre a paisaxe, fauna, a propia configuración do territorio e toda a riqueza medioambiental e patrimonial.

Entendemos que se abre unha oportunidade e agradecemos que o Partido Popular se sume a petición do PSdeG a revisar un proxecto aprobado hai vinte anos coas novas necesidades e alternativas escoitando ao resto de administracións e á cidadanía, oportunidade que debemos aproveitar elaborando un proxecto que axunte todas as necesidades propostas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Ten previsto a Xunta de Galicia crear unha mesa técnica entre as administracións implicadas para trasladarlle os avances do proxecto?

Santiago de Compostela, 3 de xuño do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 03/06/2024 12:54:57**

**Carlos López Font na data 03/06/2024 12:55:06**

CSV: BOPGDSPGoHzpMbCz6-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Paloma Castro Rey na data 03/06/2024 12:55:13**

CSV: BOPGDSPGYvqmj9GB2a-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5263
Data envio: 04/06/2024 09:17:25.347

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o centro de día de Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Lalín, que supera os 20000 habitantes, é o único concello da súa categoría que non conta cun servizo básico nos tempos que corren, e que precisan máis do 25% dos veciños da vila, un centro de día público. Todos os centros destas características cos que conta son de carácter privado e contan con lista de agarda, a pesares de que en 2008 se firmou un protocolo de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galiza para a súa construción en terreos municipais, concretamente nunha parcela da zona do Regueiriño.

Con este tipo de servizos melloraría moito a calidade de vida dos posibles usuarios deste centro, no tocante á saúde e ao ocio, especialmente no caso das persoas que viven no rural sendo, por suposto, de vital importancia na conciliación familiar dos e das veciñas que teñen a persoas maiores ao seu cargo.

Este centro de día acumula 14 anos de atraso na súa construción e posta en funcionamento, con insistentes negativas por parte do goberno da Xunta, en colaboración co pouco interese por parte do goberno do concello en levalo a cabo. Pola contra, no 2010, a Conselleira de Traballo e Benestar daquel momento, Beatriz Mato, achegábase a Lalín para presidir o acto inaugural dunha iniciativa privada que dotaba de 40 prazas de centro de día á vila, felicitándose por elo.



CSV:
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares da necesidade de dito servizo e de que anualmente nas emendas aos presupostos autonómicos se solicita o centro de día, o goberno do PP rexeita dita demanda insistentemente, incumprindo de xeito reiterado o seu compromiso cos lalinenses.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Por que o goberno da Xunta de Galiza rexeita reiteradamente as emendas para a construción e posta en marcha dun centro de día público en Lalín malia estar aprobado xa dende a etapa do bipartito?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**
**Olalla Rodil Fernández**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 04/06/2024 09:14:19**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2024 09:15:31**

CSV: BORISUDEZ0XVGVIPK-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 12:11:53
Nº Rexistro: 5284
Data envío: 04/06/2024 12:11:53.956

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Recentemente, os sanitarios galegos denuncian publicamente o aumento das agresións que sofren.

En áreas como a área sanitaria de Vigo, vinculan o aumento das agresións tras a pandemia á deficiente atención primaria e piden medios de protección para evitar este tipo de situacións.

Non é a primeira vez que os sanitarios galegos teñen que se manifestar por este motivo. Pero detectan que as agresións se van incrementando e que un dos motivos que máis as orixina é a demora na atención.

Transmiten tamén que non está nas súas mans o solucionar esta situación. E piden que se lles axude a que poidan realizar o seu traballo nun ambiente normal.

É certo que as agresións son máis altas noutras CC.AA. que en Galicia, pero consideramos que a Xunta de Galicia debe tentar frear esta situación e axudar ao persoal sanitario.

Tamén os datos póñennos de manifesto que os incidentes se deron todos no ámbito público, polo menos, os denunciados, e ningún no sector privado.

CSV: BORISDBCG-Mfv7xtHEo-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

O persoal sanitario de atención primaria fala de saturación e colapso, de que traballan ao límite e a Xunta de Galicia debe facer un esforzo para que se lle free esta escalada de agresións.

É certo que a forma de cortar a devandita escalada de maneira radical é a desaparición das longas listas de espera, pero con esta iniciativa queremos pedir actuacións preventivas e de amparo para o persoal sanitario.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Está a Xunta de Galicia disposta a axudar ao persoal de atención primaria coa posta en marcha dun plan de seguridade que lle permita realizar o seu labor coa debida protección fronte ás agresións que sofre?

2. Está disposta a Xunta de Galicia a realizar unha campaña informativa na que se explique que o persoal sanitario é alleo ás longas esperas que padecen para ser atendidos?

Parlamento de Galicia, 3 de xuño de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 03/06/2024 17:34:56**

**Silvia Longueira Castro na data 03/06/2024 17:35:06**

CSV: BORRADOR-MVw7xtlEs-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 12:56:07
Nº Rexistro: 5291
Data envío: 04/06/2024 12:56:07.062

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Mercedes Queixas Zas**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a conservación e valoración da Torre de Sande no concello de Cartelle.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Cartelle, na parroquia de Sande, atópase a denominada Torre de Sande, resto dun antigo castelo, de orixe incerto, mais cuxa existencia consta xa no século XII cando foi obxecto de doazón por parte do rei Alfonso VII e a raíña Berenguela ao Mosteiro de San Salvador de Celanova.

A Torre de Sande elevada sobre unha superficie granítica de máis de 500 m. de altitude, entre os ríos Arnoia e Miño, foi declarada monumento de Interese Artístico Nacional e declarada Ben de Interese Cultural, encontrándose baixo a "protección" da Declaración xenérica do Decreto de 22 de abril de 1949 e da Lei 16/85, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español.

A pesares da protección antes de referida e do seu evidente valor cultural, histórico e patrimonial, a Torre de Sande presenta a día de hoxe un deplorable estado de conservación con ameaza mesmo de derrube. Xa hai anos dende este grupo parlamentar se advertía da dificultade de acceso ao monumento por mor da maleza existindo, existindo dúbidas sobre á seguridade, pois a existencia de varias fendas nun dos muros advertían da posibilidade de que a estrutura estivera comprometida con perigo para as visitantes.

CSV: BORISDCD3-NwK6C4HP2-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O estado no que se encontra provocou que a asociación sen ánimo de lucro Hispania Nostra, adicada á defensa, promoción posta en valor do patrimonio cultura e natural, en maio de 2020 incluíra á Torre de Sande dentro da súa lista vermella, é dicir, dentro dos monumentos que, polo seu mal estado de conservación e polo seu abandono, corren risco de se perder.

Dende hai anos tanto a veciñanza e distintos colectivos sociais, como o grupo municipal do BNG no Concello de Cartelle e este Grupo Parlamentar, veñen demandado da Entidade Local e da Xunta de Galiza actuacións dirixidas á conservación e posta en valor do monumento, encontrándose en todos os casos coa contumaz negativa da Xunta de Galiza que presidía Núñez Feijoo coa desculpa da titularidade privada do inmoble.

O certo é que transcorridos varios anos dende que o propio Concello de Cartelle e a Xunta de Galiza recoñeceron o estado de abandono da Torre de Sande e admitiron a necesidade de actuar, non consta avance ou intervención algunha, continuando o proceso de degradación do monumento de recoñecido valor histórico, patrimonial e turístico.

Como ficou exposto, alén do seu valor histórico e cultural, a Torre de Sande constitúe un elemento de interese turístico -así declarado – susceptíbel de constituír un reclamo máis da monumentalmente rica comarca de Celanova, e xa que logo ser un instrumento para o necesario desenvolvemento económico e social da zona.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que xestións realizou a Xunta de Galiza nos últimos anos para a recuperación e conservación da Torre de Sande?

CSV: BORISUDGD-Vqd6HP2s0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 12:56:07
Nº Rexistro: 5291
Data envío: 04/06/2024 12:56:07.062

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñece o estado de deterioro no que se encontra actualmente e que motivou a inclusión na lista vermella da asociación Hispania Nostra?

Entende a Xunta de Galiza que a Torre corre risco de derrube?

Dirixiuse o Concello de Cartelle á Xunta de Galiza solicitando a realización de actuacións destinadas á conservación e/ou rehabilitación da Torre de Sande?

Existe ou ten a Xunta de Galiza previsto elaborar algún proxecto para a conservación e valorización da Torre de Sande?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/06/2024 12:54:32**

**Mercedes Queixas Zas na data 04/06/2024 12:54:37**

CSV: BOPGDSPG-Hv6Edhr2S9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 13:54:56
Nº Rexistro: 5295
Data envio: 04/06/2024 13:54:56.033

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a avaliación do avance no uso do galego por parte das empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Secretaría Xeral de Medios vén convocando nos últimos anos senllas axudas destinadas a potenciar o avance no uso da lingua galega nos medios dirixidos por empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada, por unha banda, e a a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego, pola outra.

Nos dous casos estamos ante axudas que se resolven polo procedemento de concorrencia non competitiva co obxectivo de apoiar a información orientada a alentar a defensa da identidade de Galiza, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a defensa da súa cultura.

A distribución do crédito dirixido ás empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada foi a seguinte na convocatoria de 2024:

- Axudas a xornais impresos en formato papel: 1.255.000,00 euros.

- Axudas a empresas radiofónicas privadas: 266.400,00 euros.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 13:54:56
Nº Rexistro: 5295
Data envio: 04/06/2024 13:54:56.033

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Axudas a empresas xornalísticas que difundan a súa actividade informativa mediante a internet: 455.377,00 euros.

No caso das axudas dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego a contía da convocatoria a repartir é de 40.000 euros no exercicio de 2024.

En ambos os dous casos estas cifras véñense mantendo inalteradas nos últimos anos, independentemente de se teren acrecentado no seu conxunto os orzamentos da Xunta de Galiza, o que demostra a falta de interese do goberno do PP para facer avanzar a normalización lingüística no uso do galego nos medios de comunicación impresos e radiofónicos de titularidade privada.

Un obxectivo do goberno do PP conseguido, como se pode comprobar nunha percepción contrastada da lectura ou audición destes medios de comunicación. Malia seren, ano tras ano, estas empresas xornalísticas agraciadas con importantes cantidades de diñeiro público, non se verifican avances no uso da lingua galega na transmisión dos seus contidos, o que implicaría o incumprimento dunha parte do articulado do Estatuto de Autonomía que senta as bases da propia convocatoria, ou mesmo da propia Lei de normalización lingüística.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Como valora a Xunta o avance no uso do galego por parte das empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada, ao abeiro das axudas públicas para este fin?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024



CSV: BORISDPGSVjqwvbvEs-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 13:54:56
Nº Rexistro: 5295
Data envio: 04/06/2024 13:54:56.033

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 04/06/2024 13:50:01**

**Iria Taibo Corsanego na data 04/06/2024 13:51:40**

**Daniel Castro García na data 04/06/2024 13:51:57**

CSV: BOPGDSPGCvtQu0jNF2-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5303
Data envio: 04/06/2024 16:23:21.481

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López**, **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Unha nova situación de desprotección na atención sanitaria preséntase no Courel debido á ausencia de persoal médico nos centros de saúde do Courel - en Folgoso e Seoane-. Ausencia que se dá durante tres días á semana.

Esta situación prodúcese de novo por un deixamento da Xunta de Galicia, e non por parte dos sanitarios, dado que un está de baixa e outro de vacacións.

Pero o que non se pode consentir é que os habitantes do Courel só se poidan poñer malos durante dous días da semana, que é cando está prevista a asistencia de facultativos presenciais nos centros de saúde do municipio, ou teñan que facer un desprazamento ata a unidade de urxencias de Monforte ou ben ao HULA como xa sucedeu.

Ante esta situación, a Xunta de Galicia, volve insistir en que a cobertura de urxencias está garantida. Garantida pero con graves prexuízos porque algúns doentes tiveron que se desprazar cos seus propios medios para acudir ao HULA e así poder ser atendidos.

Este é un caso máis da desesperación dos cidadáns que se atopan con problemas na atención primaria pero que o único que atopan de resposta por parte da Xunta de Galicia son vaguidades.

CSV: BORISDRG4-Jyy0sdf7Z-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5303
Data envio: 04/06/2024 16:23:21.481

Unha vez máis temos que afirmar que a atención primaria en Galicia, a nivel xeral, está desbordada, neste caso con problemas de substitucións de baixas, permisos ou vacacións

O Courel, necesita unha sanidade pública, universal e de calidade como calquera outro concello de Galicia.

Temémonos que de novo non esteamos ante un tema puntual, dado que agora se achega o período vacacional e a situación non pode facer máis que empeorar.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia a substitución urxente dos médicos para que o Centro de Saúde do Courel teña garantida a asistencia médica durante toda a semana?

Parlamento de Galicia, 4 de xuño de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 04/06/2024 16:11:30**

**Elena Espinosa Mangana na data 04/06/2024 16:12:44**

**Silvia Longueira Castro na data 04/06/2024 16:12:55**

CSV: BOPGDSPG-Vjy0axWP2-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 17:04:47
Nº Rexistro: 5309
Data envío: 04/06/2024 17:04:47.949

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de impulsar unha investigación rigorosa sobre o estado de conservación do ámbito da Enseada de San Simón incluída na Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enseada de San Simón está considerado como un espazo de extraordinario valor ecosistémico. De aí que este ámbito fose declarado Rede Natura 2000 e Zona Especial de Conservación (ZEC). Esta figura protexe 2.252 hectáreas entre os concellos de Redondela, Soutomaior, Pontevedra, Vilaboa, Moaña, e contén 18 tipos de hábitats naturais diferentes e 83 especies de flora e fauna, incluídos na Directiva Europea 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Ademais no ano 2004 foi declarado como Lugar de Importancia Comunitaria pola Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

A pesar de contar con estas figuras de protección, este espazo segue sufrindo numerosas agresións ambientais que danan e comprometen os seus valores. A aplicación deficiente destes instrumentos por parte das Administracións competentes, fai con que non se cumpran cos seus obxectivos, que son o de lograr deter a perda de biodiversidade e a supervivencia a longo prazo deste hábitat tan singular e das súas especies.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha das cuestión fundamentais que está a afectar a este espazo é todo o relativo ás transformacións artificiais do sistema costeiro, que foron modificando paulatinamente as súas dinámicas naturais e, por tanto, os condicionantes ambientais que conformaban e sostiñan este ecosistema.

Por exemplo, os aterros no Estreito de Rande dificultan a renovación das augas da Enseada e modifican a súa composición, xa que incrementa a salinidade; altera as correntes mariñas, menoscabando a achega dos nutrientes da plataforma continental; e altera a súa distribución ao longo da Enseada. Todo isto provoca que cada vez haxa menos especies.

En xeral, os diversos recheos ao longo de todo o litoral da enseada, para gañar espazo ao mar, teñen un grave impacto sobre múltiples factores. Primeiro, sobre a a composición dos fondos mariños, xa que parte dos seus elementos contaminantes depositados nos fangos mariños voltan liberarse cando son removidos . Segundo, os aterros tamén modificaron a liña de costa provocando importantes mudanzas nas correntes mariñas e a alteración da dinámica sedimentolóxica, é dicir, os sedimentos desaparecen dalgunhas zonas e acumúlanse noutras novas. Terceiro, todos estes cambios afectan ás dinámicas de renovación das augas, que sumado ao fondo lamacento, fai que a Enseada se "hiperfertilice" favorecendo desequilibrios ecosistémicos.

Algunhas destas accións invasivas constitúenas os espigóns, os portos deportivos e a ocupación indiscriminada de lámina de auga para a instalación de pantaláns flotantes. Esta situación obriga a revisar os documentos planificadores das distintas administracións competentes (Autoridade Portuaria, Portos de Galiza, etc) para tender a un uso racional e sustentábel, en defensa da biodiversidade e da riqueza natural e económica da Enseada.



CSV: BORRSDEG-vNuJ8DyHZ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais de todo isto, existe unha agresión química, que ten que ver con todo tipo de verteduras que rematan na Ría. En xeral, a industrialización da ría ten disparado a concentración de sustancias potencialmente tóxicas. Nunha investigación da Universidade de Vigo sobre os sedimentos que circundan a illa de San Simón alertábase do incremento preocupante de sustancias como chumbo, arsénico, cromo, cobre, cadmio ou zinc. A artificialización de toda a bacia tamén condiciona un maior arrastre de áridos e cinzas por erosión que acaban impactando na Enseada.

Para alén desta situación xeral, seguen existindo situacións particulares que deberían estar xa completamente erradicadas. Mais na realidade vemos como as distintas figuras de protección coas que conta a enseada non foron efectivas para, por exemplo, avanzar na creación dunha rede separada de pluviais e residuais, ou nunha mellor xestión dos encoros que impactan na composición das augas. Nin tan sequera foron funcionais para rematar con algunhas verteduras, como as que de forma reiterada realizan empresas como AUCOSA, que en lugar de ser sancionadas pola Xunta son protexidas e amparadas.

Por último, o cambio climático é un novo factor que está impactando xa na biodiversidade da enseada, afectando os bosques de algas, esenciais como alimento e refuxio de moitas especies.

En conclusión, os grandes valores ambientais da enseada están en risco por unha suma de múltiples factores ante os que non se están pondo medidas, instrumentos nin recursos que permitan a súa preservación. Esta realidade complexa esixe, en primeiro lugar, de contar cun diagnóstico pormenorizado e realizado por investigadores e profesioanais, para despois implementar as medidas axeitadas.

As respostas deben ser áxiles, pois ademáis de estar en risco a biodiversidade da enseada, tamén están en risco a actividade económica ligada ao mar. A crise de



CSV: BORISDSXWN0BDYPZ5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 17:04:47
Nº Rexistro: 5309
Data envio: 04/06/2024 17:04:47.949

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produtividade das rías supuxo para o sector do marisqueo a pé da confraría de Cesantes a redución do 42% dos postos de traballo en apenas unha década.

Está en xogo o futuro ambiental, económico e social da enseada e da súa contorna.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o estado do espazo Rede Natura 2000 Enseada de San Simón?

- Cree a Xunta de Galiza que se está conservando adecuadamente?

- Como valora a Xunta de Galiza o evidente deterioro deste hábitat?

- Como valora a Xunta de Galiza a perda de biodiversidade?

- Como valora a Xunta de Galiza a perda de produtividade?

- Cre a Xunta de Galiza que é necesario facer algo ao respecto?

- Vai tomar medidas a Xunta de Galiza para reverter a actual situación?

- Comprométese o goberno a impulsar unha investigación rigorosa sobre o estado de conservación do ámbito da Enseada de San Simón incluída na Rede Natura 2000?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
**Paulo Ríos Santomé**
**Luis Bará Torres**



CSV: BORISDDG-oNJ03Dy1Z-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 17:04:47
Nº Rexistro: 5309
Data envio: 04/06/2024 17:04:47.949

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 04/06/2024 16:58:18**

**Paulo Ríos Santomé na data 04/06/2024 17:02:36**

**Luis Bará Torres na data 04/06/2024 17:03:04**

CSV: BORSUDD3-vN03Dy1Z5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Cada vez é máis a preocupación pola situación da sanidade pública en Galicia. Situación que se agrava ante a chegada do período estival.

Seguro que coincidimos en que non hai nada máis importante que a saúde. Por este motivo a Xunta de Galicia que ten competencias en materia sanitaria, ten unha gran responsabilidade.

E a xestión debe estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade, é dicir, da poboación no seu conxunto.

E agora que a Consellaría completou a súa reorganización interna con novos equipos, novas áreas e outros obxectivos sobre a mesa é hora de que asuma a maior responsabilidade que é estar á altura das circunstancias, que non se dá en Galicia desde hai moitos anos.

Xa nos chega con saber que Galicia é a comunidade autónoma de España, con menor investimento por habitante en Sanidade, Educación e Políticas Sociais para coñecer agora que no conxunto de Galicia clausuraranse o 11,4 % das camas dos hospitais da comunidade, ao redor de 840.

Isto sucede cada verán, as areas sanitarias reorganizan os seus recursos asistenciais, o que se traduce nun peche de camas nos hospitais da comunidade.

CSV: BORISDUDGPUwfndP2x7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Queremos anticiparnos e deixar claro que o persoal asistencial ten dereito ás súas vacacións, pero tamén que a Xunta de Galicia se debe organizar para non xerar ningún problema aos pacientes nin por suposto incrementar as xa avultadas listas de espera.

Porque ademais non é un tema novo, senón que se vén repetindo ano tras ano.

Por este motivo, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Está disposta a Xunta de Galicia, a non pechar camas hospitalarias e telas dispoñibles e operativas, en todas as areas sanitarias de Galicia, durante os meses de verán?

Parlamento de Galicia, 4 de xuño de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 04/06/2024 17:10:02**

**Silvia Longueira Castro na data 04/06/2024 17:10:12**

CSV: BORISDRC-PUvRaqR2x7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 17:26:33
Nº Rexistro: 5317
Data envio: 04/06/2024 17:26:33.589

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o estado da base do servizo de transporte sanitario urxente de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de setembro de 2019 resolveuse o procedemento de contratación -expediente AB-FUS1-19-001- do Servizo de Transporte sanitario urxente terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia -061, adxudicándose o sinalado como Lote 9 á UTE “Ambulancias As Burgas Área de Ourense”. Unión Temporal de Empresas que conformaban as mercantís Ambulancias As Burgas, S.L., Servicios Sanitarios do Ribeiro, S.L., Ambulancias Bande, S.L. e Ambulancias La Encarnación, S.L., recoñecendo expresamente que cada unha das empresas tiñan delegación dentro de Galiza, nomeadamente en Ourense, Ribadavia, Celanova e Bande.

Segundo se explícita no prego de prescricións técnicas do contrato adxudicado “As bases deberán cumprir as condicións mínimas establecidas polo Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo”, prevendo o propio prego a posibilidade de que a Fundación, por razóns excepcionais ou circunstancias asistencias, poda acordar o cambio de lugar da base do servizo de transporte.

O sindicato de FS-TES ven de denunciar as condicións “infrahumanas, sen calefacción, ni aire acondicionado” da base de Celanova do servizo de transporte sanitario urxente. Condicións que debido ao extremo das temperaturas da comarca pode



CSV: BORISDDPC-Y7gGkDF9-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 17:26:33
Nº Rexistro: 5317
Data envio: 04/06/2024 17:26:33.589

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comprometer non só a saúde do persoal -que xa sería abondo para corrixir a situación – senón que tamén "está a pór en risco a saúde dos pacientes asistidos polo 061".

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Coñece a Xunta de Galiza o estado da base de Celanova do servizo de transporte sanitario urxente?

Cantas inspeccións realizou nos últimos 4 anos, e cal foi o resultado delas?

Entende a Xunta de Galiza que a inexistencia dun sistema de climatización e/ou calefacción nunha zona de temperaturas extremas, pode afectar á saúde das traballadoras e doentes?

A existencia de tal circunstancia podería implicar un incumprimento contractual?

De verificarse as irregularidades apuntadas podería acordarse o traslado temporal da sede en tanto non se soluciona o problema?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Montserrat Prado Cores**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV:
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/06/2024 17:23:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2024 17:23:29**

CSV: BORSDUDGE-XzyJBKIDP-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 18:19:08
Nº Rexistro: 5326
Data envio: 04/06/2024 18:19:08.095

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as zonas húmidas no Plan Hidrolóxico Galicia Costa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Hidrolóxico Galiza Costa para o período 2021-2027, aprobado polo Consello da Xunta, prevé o seguinte no Anexo VI. Zonas Protexidas:

*Dentro deste terceiro ciclo de planificación preténdese tomar as medidas necesarias para contribuír de forma eficaz a avanzar cara a unha conservación favorable das zonas húmidas identificadas na demarcación, sendo o Inventario de Humidais de Galicia (IHG) un elemento de referencia imprescindible neste firme propósito. Por iso,* ***entre as actuacións prioritarias iniciadas por Augas de Galicia para abordar a conservación das zonas húmidas na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa destacan as seguintes:***

***1. Incorporouse a listaxe de zonas húmidas do IHG, de forma sistemática, ao rexistro de espazos protexidos do Plan,*** *como candidatos avaliables para ser catalogados como zonas de protección especial polo plan.*

***2. Coñecedores de que hai zonas húmidas con importancia a nivel do ciclo hidrolóxico que non están consideradas no anterior inventario, están a iniciarse traballos de identificación e delimitación das zonas húmidas con relevancia desde o punto de vista da administración hidráulica, co fin de poder establecer un marco de***



CSV: BOPGDSPG-Vrl4McKzx-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

***protección que asegure a súa funcionalidade***. *Estas zonas serán progresivamente incorporadas ao rexistro de zonas protexidas do plan hidrolóxico, a medida que avancen os traballos de delimitación, xunto coas medidas de protección que resulten oportunas.*

***3. De forma complementaria, ao longo deste terceiro ciclo de planificación, reforzaranse as accións necesarias de coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural****, centradas en dous aspectos fundamentais:*

*a) A integración das zonas húmidas sinaladas anteriormente dentro do inventario de zonas húmidas da comunidade galega, atendendo á súa relevancia e singularidade.*

*b) A determinación dos requirimentos hídricos en cantidade e calidade das zonas húmidas da demarcación, conforme aos seus obxectivos de conservación. Sinálase a este respecto que xa se iniciaron estes traballos a modo de estudo piloto para a zona húmida da lagoa de Sobrado dos Monxes, espazo baixo especial protección polo Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa e incluído no Inventario Galego de Humidais.*

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto a Xunta, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, incorporar a listaxe de zonas húmidas do IHG, de forma sistemática, ao Inventario de zonas húmidas de Galiza?

Vai a Xunta Levar a cabo un estudo en todo o territorio galego para identificar, delimitar e protexer as zonas húmidas non recollidas no Inventario?

Ten previsto a Xunta preservar a integridade e funcionalidade dos humidais fronte aos proxectos extractivos e de industrialización do monte?



CSV: BORISDGRV4MXR2ZS5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2024 18:19:08
Nº Rexistro: 5326
Data envio: 04/06/2024 18:19:08.095

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 04/06/2024 18:14:34**

**Alexandra Fernández Gómez na data 04/06/2024 18:17:18**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/06/2024 18:17:49**

CSV: BORISUDPGRV4HMKR2495
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Suárez Fernández, Secundino Fernández Fernández e Luís Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita,** sobre a mellora da estrada OU- 533 A Gudiña-A Rúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada OU-533 que vai dende A Gudiña até A Rúa pasando por Viana do Bolo ten unha grande importancia como elemento vertebrador do oriente ourensán.

Esta estrada dun longo duns 50 km, discorre por unha zona de montaña polo que ten un trazado sinuoso e cun porto de montaña, o alto do Covelo, no termo municipal de Viana do Bolo; tamén no seu recorrido hai que atravesar a vila de Viana do Bolo, o que provoca importantes problemas tanto ao tráfico rodado como aos peóns, polo perigo do seu trazado nesta travesía.

Estamos ante unha estrada con abundantes curvas, o que lle confire unha especial perigosidade, o que queda demostrado polo importante número de accidentes que houbo ao longo do seu trazado; algúns dos cales tiveron moita gravidade provocando numerosos mortos nos últimos anos.

Esta sinuosidade e perigo é si acaso mais importante no tramo A Gudiña Viana do Bolo duns 20 km, neste tramo non hai ningún carril para os vehículos lentos e as zonas para adiantar son practicamente inexistentes



CSV: BORISDBCAVdp3mP9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5335
Data envio: 04/06/2024 18:32:41.989

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A OU-533 é unha estrada que ten unha importante circulación por servir de eixo do oriente ourensán, unindo a comarca de Valdeorras coa A-52 na Gudiña. Tamén circulan por esta estrada moitos vehículos e grande numero de mercadorías que se dirixen cara o norte de Portugal e que proceden tanto de Valdeorras como de Lugo como da comarca do Bierzo, León, Asturias e incluso Cantabria. Tamén inflúe no incremento do tráfico a estación da liña de AVE da Gudiña, que leva a moitas veciñas e veciños da comarca de Valdeorras e de Viana do Bolo a utilizar dita vía. Estamos polo tanto ante unha vía de moito tráfico, cun alto volume de tráfico pesado

Dende o BNG, interesámonos numerosas veces polo seu arranxo e mellora. Tamén dende o concello de Viana do Bolo e os concellos de Valdeorras se solicitou a mellora desta vía sobre todo no tramos A Gudiña Viana do Bolo.

Por fin neste ano a Xunta de Galiza fixo público unha nova na que se indicaba que se ía a redactar o proxecto de acondicionamento da estrada OU-533.

Segundo o que indicaron dende a Xunta de Galiza

*Trátase da redacción do proxecto de trazado para a mellora dun treito de 15 km da vía autonómica no que é difícil realizar adiantamentos.*

*Definiranse as melloras necesarias para optimizar a OU-533, con solucións combinadas de mellora de interseccións, renovación da capa de rodaxe, implantación de carrís adicionais ou melloras locais de trazado.*

*Prevese a execución dun novo trazado sobre a base da estrada actual no treito entre A Gudiña e Viana do Bolo, que permitirá dotalo de carrís adicionais de adiantamento e coa rectificación de 31 curvas.*

CSV: BORISDPCAYVtqtp3tmP9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5335
Data envio: 04/06/2024 18:32:41.989

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo as novas que fixo a Xunta en época preelectoral no primeiro semestre do ano 2024 encargaríase a redacción do proxecto dos arranxos do tramo A Gudiña Viana do Bolo. Practicamente pasou o primeiro semestre do ano 2024 e non se sabe nada de dito encargo, nin se volveu a mencionar a mellora de dita estrada, tan necesaria para as comarcas mencionadas.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

• Elaborou a Xunta de Galiza o proxecto que anunciou en época preelectoral?

• Si non o elaborou, ten pensado contratar a elaboración de dito proxecto tal e como anunciou en época preelectoral?

• Vai solucionar a Xunta de Galiza o grave problema de tráfico desta vía?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
**Secundino Fernández Fernández**
**Luis Bará Torres**
Deputados do G.P. do BNG



CSV: BORISURD3AVv/IIpsthP9s9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 04/06/2024 18:30:14**

**Secundino Fernández Fernández na data 04/06/2024 18:30:29**

**Luis Bará Torres na data 04/06/2024 18:30:41**

CSV: BOPGDSPGAWtpam7o9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5340
Data envio: 05/06/2024 09:21:29.703

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa aos últimos datos das listas de espera do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, cos peores datos de Galiza, e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente veñen de coñecerse os datos da Consellaría de Sanidade respecto ás listas de agarda ata o decembro de 2023. Unha vez máis, os datos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense son os peores de Galiza e, en temos xerais, aínda que a situación nos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras é lixeiramente mellor porque hai especialidades que nestes dous centros non se prestas e son derivadas ao da cidade, a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras volve rexistrar os peores tempos de toda Galiza.

Así, o CHUO e a área volven ter as peores listas de espera de Galiza. Respecto do datos anteriores, as listas de agarda de consulta hospitalaria empeoraron, de 117,8 días a 130,1, case o dobre da media de Galiza (73,4) e en concreto no CHUO falamos de 141,2 días de espera, máis do dobre do que a media galega. Ademais, temos que salientar que hai unha situación de absoluto colapso en oftalmoloxía con máis de 10.000 persoas agardando unha cita, rehabilitación con máis de 7.000, traumatoloxía con case 7000, ou dermatoloxía con máis de 2.000.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5340
Data envio: 05/06/2024 09:21:29.703

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, en Ourense pasan cousas que non pasan no resto de Galiza: Hai case 3.000 persoas agardando unha consulta hospitalaria máis de 12 meses e no hospital da cidade Ourense a situación é límite tamén no ámbito cirúrxico: unha espera de 74,3 días cando a media galega é de 67,5

É preciso salientar que, como xa ten denunciado reiteradamente o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, estes datos son só a punta do iceberg debido á falta de transparencia e a manipulación informativa consciente que fai o goberno galego. No noso país é negada sistematicamente a transparencia e impídese unha análise rigorosa do conxunto das listas de agarda porque se oculta a información real ao eliminar a todas aquelas persoas que son chamadas para ofertárenlle unha derivación á privada. Se a persoa consultada rexeita este recurso, o goberno galego elimínaa da estatística como se a súa situación estivese “resolta” e esa persoa non seguise agardando. Ademais, cómpre ter en conta unha práctica, normalizada en moitas especialidades e centros, consistente en indicar á ou ao paciente que “será citado ou citada telefonicamente” deixando a cita “en buzón”.

Polo tanto, podemos afirmar que estes datos de listas de agarda están trucados e son, polo tanto, maiores do que recoñece o goberno galego. Aínda así, estes datos son intolerables. A día de hoxe coñecemos que no conxunto da área había ao peche do primeiro semestre do ano 34.752 pacientes agardando unha consulta, agora esta cifra incrementou no final de 2023 en 2.000 persoas ata as 37.201.

Ademais, recentemente coñeciamos un demoledor informe do Consello de Contas que fiscaliza a asistencia sanitaria con medios alleos da macroárea sanitaria de Ourense, Verín e O Barco. Entre as conclusións do citado informe sinálase que no 2022, que é o ano estudado, en Ourense aumentou con máis intensidade a prestación de asistencia sanitaria con medios alleos: se en Galiza aumentou un 5%, na macroárea, un



CSV: BOPGDSPG-14rR3dHZ9-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6,8%. É máis, a área de Ourense é a área de Galiza na que máis aumentou e máis peso ten a derivación á privada (cun peso do 20%).

O número de pacientes derivados á privada aumentou un 36% no 22 con aumentos en todas as especialidades, sendo as máis significativas as de oftalmoloxia e as de traumatoloxia. O consello fai fincapé na gran derivación destas dúas especialidades e en que oftalmoloxía pasou de non ter apenas necesidade de derivación a a derivar case 700 casos por non atraer profesionais. Os datos coñecidos recentemente amosan que estas fórmulas non están a servir para paliar a lista e que a Xunta non impulsa medidas para atraer profesionais, empeorando cada vez máis a capacidade e a calidade asistencial.

Así mesmo, canto á lista de agarda cirúrxica, que afecta a 5.132 persoas, o CHUO amosa unha media de 74,5 días de agarda, tempo superior á media galega de 67,9 no 60% das especialidades un/unha paciente deste hospital ten máis tempo de media de agarda que o conxunto do país.

En xaneiro de 2023, o presidente da Xunta de Galiza anunciaba, ante o descontento e a mobilización social, a posta en marcha dun "plan de choque para reducir as listas de espera" mais desde entón, un ano despois, non se coñece dito plan nin se concretaron medidas específicas. Tampouco a raíz das demandas do Colexio de Médicos de Ourense nin das e dos profesionais de servizos como o de oftalmoloxía, que chegou a estar en folga, ou de urxencias, con mobilizacións mensuais.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



CSV: BORISDPG-14pRdtHZ9-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5340
Data envio: 05/06/2024 09:21:29.703

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas urxentes vai impulsar o goberno galego para impedir que a terceira cidade de Galiza teña os peores datos de lista de espera de todo o país?

Que medidas urxentes vai impulsar o goberno galego para impedir que un/unha residente nas comarcas de Ourense teña menos dereitos sanitarios que o resto da cidadanía do noso país?

Que actuacións está abordando o goberno galego para superar o colapso da especialidade de Rehabilitación ademais de derivar doentes á privada?

Que actuacións está abordando o goberno galego para superar o colapso da especialidade de Traumatoloxía ademais de derivar doentes á privada?

Que actuacións está abordando o goberno galego para superar o colapso da especialidade de Oftalmoloxía?

Que actuacións está abordando o goberno galego para mellorar a lista de agarda cirúrxica do CHUO ademais de derivar doentes á privada sen o debido soporte contractual?

Considera o goberno galego que están garantidos os dereitos sanitarios das e dos veciños das comarcas de Ourense?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**



CSV: REXISDRPGX14qwR3UH729-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5340
Data envio: 05/06/2024 09:21:29.703

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2024 09:16:09**

**Iria Carreira Pazos na data 05/06/2024 09:17:32**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/06/2024 09:18:19**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 12:20:08
Nº Rexistro: 5354
Data envio: 05/06/2024 12:20:08.066

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a anulación da prórroga da AP 9 e o rescate da concesión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno do parlamento do 14 de maio de 2014 aprobou o seguinte acordó

*"O Parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno do Estado que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:*

*-a anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP 9*

*-a asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes*

*-o impulso da transferencia da AP 9 a Galiza.*

*Ademais, o Parlamento insta a Xunta a ser parte activa deste procedemento encargando un estudo no que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP 9".*

Este acordo unánime abre vías para conseguir o dobre obxectivo da galeguidade e gratuidade da autoestrada AP 9, rematando coa aldraxe e a estafa que supón na actualidade, pola ampliación da concesión até 2048 e o cobro de peaxes abusivas.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 12:20:08
Nº Rexistro: 5354
Data envio: 05/06/2024 12:20:08.066

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A iniciativa aprobada polo pleno do parlamento propón demandas ao goberno central (transferencia da autoestrada, anulación da prórroga en vigor e xestión directa) e tamén á Xunta, centradas estas na encarga dun estudo xurídico e sobre a estimación de custos do rescate da concesión e a xestión directa da mesma.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que previsións ten a Xunta en relación co cumprimento da parte que lle afecta do acordo parlamentar do 14 de maio de 2024 en relación coa concesión da autoestrada AP9?

-Que xestións fixo o goberno galego diante do goberno central en relación coa transferencia da autoestrada e o rescate da concesión?

-Encargou a Xunta os estudos aos que fai referencia o acordo parlamentar?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Paulo Ríos Santomé**
**Alexandra Fernández Gómez**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 05/06/2024 12:15:49**



CSV: BOPGDSPG-vfQkBtP29
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 12:20:08
Nº Rexistro: 5354
Data envio: 05/06/2024 12:20:08.066

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Paulo Ríos Santomé na data 05/06/2024 12:18:34**

**Alexandra Fernández Gómez na data 05/06/2024 12:18:52**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 12:31:53
Nº Rexistro: 5360
Data envio: 05/06/2024 12:31:53.245

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No ano 2007 levouse a cabo a construción sobre el río Umia da ponte de Santa Marta en Pontearnelas (Vilanova) nun cruce de camiños no que conflúen os municipios de Vilanova e Ribadumia e varias estradas de titularidade autonómica (a da ponte), provinciais e locais.

Esta obra tivo un custo de 3 millóns de euros, para abrir unha vía alternativa para o tráfico que transita pola PO-300 que une Cambados con Pontevedra e retirar deste modo a circulación que estaba deteriorando a ponte antiga de pedra dos Padriños.

O pasado 19 de abril de 2023 cedeu unha parte da calzada por danos en varias péndolas por sorte sen ter que lamentar danos materiais nin persoais.

Posteriormente, a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia iniciou unha reconstrución da ponte e anunciou que esta obra estaría rematada a finais do ano 2023.

Transcorrido o tempo previsto, no mes de febreiro de 2024, en plena campaña electoral, a conselleira de Infraestruturas acudiu a supervisar as obras e anunciou a súa finalización e apertura ao tráfico no mes de abril.

Atopámonos no mes de xuño de 2024 e esta ponte segue aínda en obras no que entendemos é unha falla de vontade do Goberno da Xunta por axilizar

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 12:31:53
Nº Rexistro: 5360
Data envío: 05/06/2024 12:31:53.245

unha obra que é imprescindible para o tráfico rodado e peonil da Comarca do Salnés.

Desde hai un ano este tráfico rodado, con multitude de vehículos pesados, estase a derivar pola antiga ponte de pedra dos Padriños o que está a causar graves danos nesta ponte medieval.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que o Goberno da Xunta ten que axilizar a finalización desta obra para que antes da tempada estival poida estar aberta ao tráfico rodado e peonil con todas as condicións de seguridade e asumir a reparación dos danos sufridos na antiga ponte medieval derivados do tránsito de vehículos pesados durante todo este tempo.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Como xustifica o Goberno da Xunta as demoras existentes nas actuacións que se están a levar a cabo nas estradas autonómicas sitas na comarca do Salnés?

2. Pode confirmar que a ponte de Ponte Arnelas vai estar aberta ao tráfico rodado e peonil con todas as condicións de seguridade antes da tempada estival?

3. Vai o Goberno da Xunta asumir a reparación dos danos sufridos na antiga ponte de pedra dos Padriños, derivados do tránsito de vehículos pesados durante todo este tempo?

Santiago de Compostela, 5 de junio de 2024

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 04/06/2024 18:14:31**

**Carlos López Font na data 04/06/2024 18:14:42**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 12:52:29
Nº Rexistro: 5366
Data envio: 05/06/2024 12:52:29.405

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luís Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita,** sobre a instalación de liñas de alta tensión en Arteixo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu unha declaración de impacto ambiental relativa ao proxecto da liña de alta tensión a 66 kv desde a subestación do parque eólico de Monteagudo até a subestación de Morás, no concello de Arteixo, Carballo e A Laracha.

O proxecto inicial recibiu "1.889 alegacións, presentadas por particulares, plataformas ou asociacións", que non son públicas e cumpriría coñecer a súa resolución.

Todas estas alegación recollían cuestións de flagrante alegalidade no cumprimento das obrigas ambientais, patrimoniais e mesmo nas afeccións ao patrimonio particular da veciñanza. Sirva de exemplo a seguinte escolma:

- Existen varias inconcrecións na DIA que xeran dúbidas, como as posíbeis addendas ou documentación complementaria que se poida precisar, xa que inciden na provisionalidade do aprobado e non especifican en que medida se autorizan estas modificacións e en que aspectos.

CSV: BORISDBC3yHVI4tiF26-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Hai cuestión especialmente preocupantes en relación con posíbeis xacementos arqueolóxicos. Entendemos que non se debería aprobar a DIA sen aclarar este e outros aspectos, ademais de que tampouco se especifica cales serían as consecuencias para o proxecto en caso afirmativo.

- No caso da afectación ambiental, a DIA especifica varias especies que se verán afectadas por este proxecto. Porén, non indica ningún tipo de protección nin medida correctora adicional.

- A propia DIA indica que os accesos están por determinar e por informar por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, aínda que este organismo si informa sobre outros aspectos. A DIA especifica que existen varias anomalías, mais non se anexan nin se concretan. O lóxico sería resolver ou aclarar estas anomalías antes de proceder á aprobación da DIA, especialmente cando está por "dilucidar se se trata dun xacemento arqueolóxico".

- A DIA recoñece que o proxecto ten unha "lonxitude considerable". A pesar disto, a Axencia Turismo de Galicia recoñece un impacto reducido no turismo local e na súa contorna.

- O seu prazo de execución é de 7 meses. Debido á complexidade da obra, con varios treitos soterrados, non parece un prazo realista.

Por todo isto, consideramos que esta Declaración deixa sen aclarar moitas cuestións de relevancia para un proxecto que vai afectar a unha parte importante da superficie do Concello de Arteixo, e para moitas outras indica especificamente que poderán ser modificadas máis adiante, deixando no aire demasiados aspectos para un proxecto tan relevante e que vai ter tantas consecuencias para Arteixo, como a propia DIA recoñece.



CSV: BORISDPDGyUVMHF26-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 12:52:29
Nº Rexistro: 5366
Data envio: 05/06/2024 12:52:29.405

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- O goberno galego vai modificar a Declaración de Impacto Ambiental en relación coas diferentes anomalías sen concretar e coa súa solución?

- En que prazo o vai facer?

- O goberno galego vai suspender a Declaración de Impacto Ambiental relativa ao proxecto da liña de alta tensión a 66 kv desde a subestación do parque eólico Monteagudo até a subestación de Morás, no Concello de Arteixo, Carballo e A Laracha mentres non se resolvan as eivas detectadas?

- Terá en conta as alegacións presentadas ao proxecto?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
**Xosé Manuel Golpe Acuña**
Deputada e deputado do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BORISOPC3y1vMdiF26-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 12:52:29
Nº Rexistro: 5366
Data envio: 05/06/2024 12:52:29.405

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Taibo Corsanego na data 05/06/2024 12:47:28**

**José Manuel Golpe Acuña na data 05/06/2024 12:47:45**

**Luis Bará Torres na data 05/06/2024 12:47:55**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 13:15:37
Nº Rexistro: 5374
Data envio: 05/06/2024 13:15:37.962

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas para garantir un bo funcionamento do servizo de transporte público por estrada no verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Lonxe de dar un servizo que responda ás necesidades de mobilidade e vertebración do noso país, a Xunta de Galiza decidiu priorizar os intereses das grandes concesionarias do transporte público en detrimento dos usuarios e usuarias, dos traballadores e das traballadoras destas grandes concesión e das pequenas e medianas empresas do sector.

Estamos pois ante un servizo onde os incumprimentos por parte das grandes concesionarias son norma.



CSV: BOPGDSPG-T6oGEr2r9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste últimos anos, coa chegada do verán, advertimos que a situación empeora cando sumamos novos usuarios ao servizo público de transporte, onde se pode advertir como os retrasos, a desaparición de facto de paradas e a insuficiencia das prazas están a provocar un mal funcionamento do servizo. É pois, que debido a unha mala planificación e a non asunción de maiores custes ao precisar máis vehículos en época estival, deixou ás liñas de conexión coas cidades, nunha situación onde os atrasos de case 1 hora e as persoas que non poden acceder aos vehículos, moitas delas mesmo cos billetes mercados, foron unha constante que sofren os usuarios e usuarias do transporte público.

E non só nas conexións coas cidades, senón que tamén se advertiron problemas e disfuncións das zonas de costa, que reciben unha cantidade importante de turismo na época estival.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É coñecedora a Xunta de Galiza das diferentes denuncias interpostas ante incumprimentos nos contratos licitados no servizo de transporte público de Galiza?

. Está a velar a Xunta de Galiza polo cumprimento escrupuloso dos contratos licitados no servizo do transporte público de Galiza?

. Cal é compromiso da Xunta de Galiza ante a vulneración dos dereitos de traballadores e usuarios no servizo de transporte público de Galiza?

. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?

. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para investigar, inspeccionar e controlar que se cumpran escrupulosamente os contratos licitados e a legalidade vixente no servizo de transporte público de Galiza?



CSV: BOPGDSPG-F7u6oEIR24-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 13:15:37
Nº Rexistro: 5374
Data envio: 05/06/2024 13:15:37.962

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir un bo funcionamento do transporte público por estrada durante a época estival?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
**Luis Bará Torres**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 05/06/2024 13:12:42**

**Luis Bará Torres na data 05/06/2024 13:14:35**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5384
Data envio: 05/06/2024 14:03:30.472

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Óscar Insua Lema** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a adoptar pola Xunta de Galiza na estrada AC-440, na entrada de Muxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende sempre, e non hai máis que ver as ortofotos da metade do século pasado, na entrada do concello de Muxía, onde se sitúa a praia da Cruz, o vento do nordés despraza as dunas da mesma e deposita a area na estrada AC-440, dificultando a circulación do tráfico na vía de acceso principal no pobo de Muxía, xa que a duna na estrada chega a acadar o metro de altura nalgún tramo, como está ocorrendo estes días.

Esta circunstancia non é temporal, pois o vento nesta zona, sopra durante todo o ano, e o problema persiste, sen que a día de hoxe a Xunta de Galiza, titular da estrada e con competencias en ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza, adopte unha solución para resolver esta situación, sen esperar a ter que volver á sinalización con conos de forma puntual, e canalizando o tráfico de vehículos por un só carril, na principal vía de acceso á vila de Muxía.

Esta situación, que se repite nalgún outro lugar na Costa da Morte, debe ser resolto con algunha medida, que implique ou ben modificar o trazado da estrada, ou ben impedir con algunha acción sobre o terreo que a area se deposite na estrada. Onte a area foi retirada para permitir a circulación normal do tráfico, pero o vento segue soplando e o problema, lonxe de solucionarse, aparecerá de novo, polo que deben comezar a estudar por parte da Xunta de Galiza, de forma urxente, actuacións para dar unha solución definitiva a esta problemática.



CSV: BORISUDRCZ-Xz8wA3wtyIPKs69
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5384
Data envio: 05/06/2024 14:03:30.472

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten a Xunta de Galiza previsto realizar algunha actuación, neste ano 2024, para dar solución ao problema da ocupación da estrada AC-440 pola duna da praia da Cruz en Muxía?

- Ten a Axencia Galega de Infraestruturas un protocolo para este tipo de situacións permanentes no tempo?

- Vai aprobar a Xunta de Galiza de forma provisional un plan de mantemento anual e periódico, namentres non se executa unha solución definitiva?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Asdo.: **Óscar Insua Lema**
**Luis Bará Torres**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 05/06/2024 14:02:19**

**Óscar Insua Lema na data 05/06/2024 14:02:22**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 17:58:50
Nº Rexistro: 5387
Data envio: 05/06/2024 17:58:50.853

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Sonia Vidal Lamas**, **Secundino Fernández Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Plan Estratéxico da Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Limia conta cunha forte especialización produtiva centrada no sector primario, sendo un dos territorios con maior produción agrícola de Galiza. Na Limia o sector agrogandeiro ten un papel fundamental achegando aproximadamente o 29,59% do PIB comarcal. É especialmente relevante na Limia a produción de pataca, mais tamén de produtos hortícolas como cereais, millo, colza ou xirasol, entre outros. E, por outra parte, tamén ten un impacto no territorio importante outras producións como a da gandería intensiva de porcos, aves e vacún.

Unha parte importante da superficie da comarca está protexida pola Rede Natura 2000. A Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA A Limia) e a Zona Especial de Conservación (ZEC Veiga de Ponteliñares) son figuras de protección ambiental.

O embalse das Conchas, destinado á produción de electricidade, recolle as augas do río Limia. Neste embalse prodúcense episodios de crecemento intenso de cianobacterias e eutrofización, debido á entrada de grandes cantidades de compostos nitroxenados e fósforo, que proceden principalmente da actividade agrogandeira e dos



CSV: BORRADOR
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

residuos urbanos. De feito, a contaminación por nitratos nas augas da comarca é un problema crecente en algúns lugares concretos.

En resumo, o sector agrogandeiro na Limia xoga un papel fundamental na economía local, pero tamén require unha xestión sostible e responsable para preservar o medio ambiente e a saúde das comunidades locais.

Con todo, existen desafíos ambientais e económicos que requiren unha estratexia integral para o seu desenvolvemento sostible. Unha estratexia que se comezou a elaborar no 2020 mediante un proceso participativo con todos os axentes representativos e institucións.

O principal obxectivo do Plan Estratéxico da Limia (PEL), é o desenvolvemento dun sector agrogandeiro sostible, rendible economicamente e compatible co medio ambiente. Para lograr este obxectivo foi indispensable realizar un proceso participativo no que estiveron presentes os principais axentes do sector agrario da Limia así como todas administracións públicas con competencias na comarca. Cun total de cinco encontros nos que se distribuíron todos os axentes implicados na Mesa da Limia, coas seguintes temáticas:

·Encontro 1: Diagnose estratéxica do sector agrario na Limia (20 de novembro de 2020)

·Encontro 2: Propostas para a produción gandeira (26 de novembro de 2020)

·Encontro 3: Propostas para a produción agrícola (3 de decembro de 2020)

·Encontro 4: Propostas para o desafío dos residuos agrogandeiros (10 de decembro de 2020)



CSV: BORISDRC3-1J00JLTZ5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 17:58:50
Nº Rexistro: 5387
Data envio: 05/06/2024 17:58:50.853

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

·Encontro 5: Presentación do documento de análise e propostas. (2021)

A partir do proceso participativo identificáronse as liñas ou eixos estratéxicos de actuación e unha proposta de gobernanza, así como un deseño de indicadores para o seguimento do Plan.

Dada a situación de estancamento na que se atopa o Plan formulamos as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cando pensa a Xunta de Galiza poñer en marcha o Plan Estratéxico da Limia?

2. Cal e o motivo da inacción por parte da Xunta ante o PEL?

3. Que pensa facer o goberno galego ademais das medidas de modernización do regadío e limpeza das canles?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
**Secundino Fernández Fernández**
**Montserrat Valcárcel Armesto**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: BORISDOC-...
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 17:58:50
Nº Rexistro: 5387
Data envio: 05/06/2024 17:58:50.853

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 05/06/2024 17:56:35**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/06/2024 17:56:38**

**Sonia Vidal Lamas na data 05/06/2024 17:56:51**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5389
Data envio: 05/06/2024 19:57:28.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Secundino Fernández Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as concentracións parcelarias na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As concentracións parcelarias comezaron na Galiza a partires do 1954, cando o noso País entrara nos planos do Estado que pretendían levar adiante proxectos de concentración parcelaria ca finalidade de constituír unidades agrícolas viables nas zonas e comarcas de minifundismo, onde a dispersión e pequenas superficies das parcelas facían inviable unha explotación rendible.

Co traspaso de competencias a recente estreada Xunta de Galiza en materia de agricultura, gandería e montes no ano de 1984, nace a primeira Lei de Concentración Parcelaria, a Lei 10/1985, sendo actualizada coa Lei 12/2001, de 10 de agosto, de Modificación da Lei de Concentración Parcelaria de Galiza.

Unha das premisas tratadas na lexislación de concentración parcelaria a definía como "ordear unha superficie agraria que permita un uso adaptado as necesidades agrícolas e forestais de cada zona" "Conseguir unha maior rendibilidade das producións agrarias e unha mellor ordenación da terra en función dos seus usos".



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5389
Data envío: 05/06/2024 19:57:28.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actual Consellería de Medio Rural, que ten as competencias, edita no ano 2021 un mapa de concentración parcelaria como representación cartográfica da superficie así tratada, contabilizando dende 1954 mais de 1000 zonas de intervención, cunha superficie superior as 500.000 hectáreas, mais da sexta parte da superficie total da Galiza, e afectando a 500.000 propietarios e propietarias.

Recentemente, aprobouse a Lei de Recuperación de Terras, Lei 11/2021 de 14 de maio, co obxectivo de loitar contra o abandono e infrautilización da terra, existindo algúns datos que indican que varias concentracións parcelarias están abandonadas ou que non están cumprindo a finalidade para que foron creadas.

A falta de asesoramento e seguimento por parte da Xunta de Galiza unha vez entregados os títulos os propietarios e propietarias, velar polo cumprimento dos planos de viabilidade, dos obxectivos fixados, da finalidade da concentración, arroxan moitas dúbidas sobre o estado actual desas superficies que dada a importante superficie que ocupan e a calidade das mesmas, serían un aporte clave para o desenvolvemento agrario e a economía galega.

Os mais de 1.500 millóns de euros que se levan investido dende o franquismo na formula de concentración parcelaria é, outro dato de grande importancia para ter en conta e avaliar a eficacia desas actuacións.

Dadas as cifras económicas que se manexan, que afectan a fondos europeos, como a prevista para este ano de 2024 de 24 millóns de euros para novas concentracións parcelarias e arranxo de camiños das existentes, compre

CSV: BORISUDPGIVdcWfu8P-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 5389
Data envio: 05/06/2024 19:57:28.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actualizar unha serie de datos que permitan visualizar o estado actual das concentración existentes

Por iso, necesitamos coñecer todos os datos complementarios a ese mapa editado pola Xunta de Galiza, que de entrada solo aporta información da superficie ocupada e localización.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

• Número de concentracións parcelarias realizadas na Galiza dende o ano 1954 ata a actualidade, co nome de cada unha delas, e indicando as parroquias e concellos de referencia, a clasificación como agraria ou forestal (montes), superficie, e tipo de produción actual?

• Cal é o nome das concentracións parcelarias que contaron con plano de viabilidade dende o inicio e de xestión na actualidade?

• Cantas concentracións parcelarias, agrícolas e de montes, co seu nome, desglosadas por parroquias e concellos están pendentes da entrega de títulos e cales son as previsións para o ano 2024 e vindeiros anos?.

• Que superficie de concentración parcelaria agrícola ou de montes foi afectada polos lumes forestais en algún momento, por parroquia e concello? Cal era seu uso produtivo? Cal é a súa situación actual?



Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Cantas persoas están ligadas directamente ás concentracións parcelarias na Galiza que teñan nelas un soporte na economía agraria?

• Relación de concentracións parcelarias que forman parte do Banco de Terras, cales foron adxudicadas e para que usos?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 05/06/2024 19:56:32**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/06/2024 19:56:42**

CSV: BOPGDSPGSsdRvWt7dHB2-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 10:02:37
Nº Rexistro: 5395
Data envio: 06/06/2024 10:02:37.454

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema, Ariadna Fernández González** e **Cristina Fernández Davila,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as demandas salariais do persoal que presta servizos nos centros de reforma xuvenil e protección de menores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal que presta servizo nos centros de reforma xuvenil e protección de menores dependentes da Consellaría de política social e igualdade da Xunta da Galiza denuncia que nos últimos anos están a sufrir unha involución drástica das súas condicións salariais, laborais e sociais.

Segundo nos foi trasladado pola representación legal dos traballadores e traballadoras do sector a situación vén derivada en primeiro lugar da precariedade económica do marco de contratación deste servizo entre a Consellería de política social e igualdade, e máis as entidades que o prestan, maioritariamente sen ánimo de lucro.

E en segundo lugar da falta de avances nos últimos convenios de ámbito estatal de Centros de reforma xuvenil e protección de menores, actualmente de aplicación na Galiza a falta dun convenio propio, que están a condicionar tamén os pregos de contratación pública, e que combinadamente dan como resultado que unha grande parte do persoal do sector no noso país leve moitos anos acumulados de perda de poder adquisitivo.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 10:02:37
Nº Rexistro: 5395
Data envio: 06/06/2024 10:02:37.454

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De feito os traballadores e traballadoras do sector teñen iniciada unha campaña de recollida de sinaturas na que demandan entre outras cousas a constitución dunha mesa tripartita para o sector, composta por sindicatos, entidades, e máis a Xunta de Galiza, co fin de abordar a problemática da perda de poder adquisitivo das súas condicións salariais e a posibilidade de impulsar a negociación dun convenio colectivo de ámbito galego.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñece a Xunta de Galiza as demandas do persoal que traballa nos centros de reforma xuvenil e protección de menores?

. Conteñen os pregos de contratación realizados pola Xunta de Galiza a posibilidade de modificar o prezo da prestación do servizo por causa do aumento do custo laboral derivado da sinatura dun novo convenio colectivo sexa estatal ou de ámbito galego?

. A Xunta de Galiza sería favorábel a que as entidades e a representación social asinen un convenio de ámbito galego?

. Estaría disposta a Xunta de Galiza a participar e convocar ás partes na constitución dunha mesa tripartita para abordar a problemática da perda de poder adquisitivo das condicións salariais do persoal e a posibilidade de impulsar a negociación dun convenio colectivo de ámbito galego?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2024

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 10:02:37
Nº Rexistro: 5395
Data envio: 06/06/2024 10:02:37.454

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Oscar Insua Lema**

**Ariadna Fernández González**

**Cristina Fernández Davila**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/06/2024 09:52:25**

**Óscar Insua Lema na data 06/06/2024 09:58:45**

**Ariadna Fernández González na data 06/06/2024 09:59:20**

**Cristina Fernández Davila na data 06/06/2024 09:59:58**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade, tanto para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica, ou unha consulta con especialistas.

Tampouco é de estrañar, cando coñecemos que Galicia se sitúa á cola en gastos *per cápita* para Sanidade, xunto con Educación e Políticas Sociais.

Pero é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, pida dar "importancia relativa" ás listas de espera e que na súa opinión o importante son "os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes".

Ningúen dúbida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.

Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade de inconvenientes por non poñer o que poida ser máis extremo por falta de atención sanitaria.

CSV: BOPGDSPG-VfuhFeFP2-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais xeran gran intranquilidade expresións como que o informe sobre listas de espera “era o esperable”, como trasladando certa conformidade.

Estamos pois, ante unha cronificación non dunha enfermidade, senón dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora se converteu nun gran problema, o que xera queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares.

E converteuse nun gran problema, porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera para consultas no hospital clínico universitario de Ourense?

2. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera para consultas no hospital de Valdeorras?

3. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de espera de cirurxía no complexo universitario de Ourense?

Parlamento de Galicia, 5 de xuño de 2024

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 10:27:45
Nº Rexistro: 5403
Data envio: 06/06/2024 10:27:45.169

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/06/2024 19:03:19**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/06/2024 19:03:28**

**Silvia Longueira Castro na data 05/06/2024 19:03:36**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 13:46:06
Nº Rexistro: 5425
Data envio: 06/06/2024 13:46:06.860

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonzo, Carmela González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación da Mesa Galega da Automoción..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro das potencialidades industriais de Galiza, a automoción ocupa un posto sobresaínte debido á súa implantación consolidada, á súa capacidade de proxección internacional e a súa ampla marxe de mellora en cuestións como a tecnoloxización e dixitalización de procesos.

Arredor deste ámbito económico pivotan máis de 200 empresas, entre as que conta o xigante da fabricación de vehículos, Stellantis, a cal ten en Vigo a súa planta máis productiva de Europa.

Esta empresa debería ser o elemento tractor deste sector, xa que preto de 150 empresas prestan servizo só ou principalmente para ela, mais infelizmente Stellantis leva practicando a deslocalización de actividades (conxuntamente con empresas integrantes do clúster do sector) de hai bastante tempo, o que deixa fóra de xogo a estas empresas auxiliares no tocante ao novo contexto de mobilidade e á fabricación dos vehículos do futuro.

Enténdese pois, que un sector tan importante, que supón máis do 25% das exportacións galegas, debe recibir a atención e a acción do goberno galego. A situación deste sector, vital para a economía galega, debería ter motivado un plan industrial para o



CSV: BORISDPGvJ0aNyP249
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesmo por parte da Xunta de Galiza que atendera a cuestións como previsións futuras ante a mudanza no paradigma de mobilidade, a consolidación dun emprego de calidade, evitar a deslocalización de actividades e investigación conxunta coas universidades, entre outras cuestións.

Mais o que se está a ver, alén da xa mencionada deslocalización, é a perda de calidade laboral no sector, na que está á orde do día a aplicación de ERTES como ferramenta de desregularización da xornada laboral, a temporalidade do emprego, a dependencia dos ritmos de traballo das auxiliares aos ritmos de Stellantis e o incumprimento dos dereitos laborais das persoas dos centros especias de emprego.

Polo tanto o goberno galego debe poñer todo da súa parte para crear un necesario foro de cooperación entre todos os actores do sector, un foro que analice o impacto que sufrirá o sector a futuro, que aposte por un emprego de calidade e de longa duración e que aposte decididamente por diminuír a dependencia das empresas do sector de Stellantis.

Se ben é certo que o goberno galego ven de anunciar medidas económicas para paliar o impacto sobre a industria auxiliar da deslocalización de pedidos por parte de Stellantis, estas axudas, cando se aplican sen control algún, non son garantía de que se manteñan a actividade e o emprego de calidade, como xa demostraron os máis de 81 millóns de euros entregados a Stellantis en 10 anos.

Polo tanto, e a espera da publicación definitiva dese tan anunciado plan director para a automoción, é preciso que o goberno galego asuma as súas competencias en materia industrial e facilite a creación dunha mesa común para o sector da automoción, da que participen a propia administración galega, a CEAGA, o CTAG, os tres sindicatos máis representativos en Galiza e unha representación do Sistema Universitario Galego.



Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 13:46:06
Nº Rexistro: 5425
Data envío: 06/06/2024 13:46:06.860

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que o goberno galego aínda non creu unha mesa da automoción con presenza da administración, sindicatos, patronal e centros de coñecemento? Ten pensado a súa constitución?

. Ten pensado o goberno galego despregar algunha medida co fin de evitar a deslocalización?

. Que impacto vai ter o cambio no paradigma de mobilidade sobre a automoción galega?

. Como ten pensado o goberno galego diminuír a dependencia da industria auxiliar de Stellantis?

. Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para velar polo cumprimento da lei en materia laboral no sector?

. Como ten pensado garantir o goberno galego para manter un emprego de calidade e de longa duración no sector da automoción?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Carmela González Iglesias**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Ramón Fernández Alfonzo**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 13:46:06
Nº Rexistro: 5425
Data envio: 06/06/2024 13:46:06.860

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/06/2024 13:40:35**

**Carmela González Iglesias na data 06/06/2024 13:43:34**

**Alexandra Fernández Gómez na data 06/06/2024 13:44:05**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/06/2024 13:44:41**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

As Fragas do Eume, situadas na provincia da Coruña, Galicia, son unha área de excepcional riqueza natural e biodiversidade. Este espazo natural protexido esténdese por ao redor de 9,125 hectáreas principalmente ao longo do curso do río Eume, é un dos bosques atlánticos máis importantes e mellor conservados de Europa e situado nos concellos de Pontedeume, Cabanas, As Pontes, A Capela e Monfero.

O río Eume esculpiu profundos canóns e desfiladeiros na roca granítica ao longo dos séculos, nos que se atopan os bosques de frondosas que dominan a paisaxe, creando unha contorna densa e verde. As Fragas do Eume, que teñen unha gran riqueza natural e biodiversidade, son un exemplo clásico de bosque atlántico, caracterizado pola súa humidade e densidade, onde dominan o carballo (*Quercus robur*), o castiñeiro (*Castanea sativa*), o aliso (*Alnus glutinosa*) e o bidueiro (*Betula celtiberica*), alberga plantas raras e endémicas que contribúen á súa riqueza botánica. As Fragas do Eume son especialmente ricas en avifauna, con especies como a aguia culebrera (*Circaetus gallicus*), o azor (*Accipiter gentilis*), o bufo real (*Bubo bubo*) e o martín pescador (*Alcedo atthis*), é tamén rico en especies endémicas de réptiles e anfibios. Ademais do río principal, o Eume, o parque conta con numerosos arroios e humidais que enriquecen a biodiversidade da área.

No corazón do parque atópase o mosteiro de Caaveiro, un importante punto histórico e cultural, rodeado dunha paisaxe impresionante, e tamén se atopa

CSV: BORISDRCH1Q1R2d1P3-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nos límites do parque o mosteiro de Monfero. Os mosteiros de Caaveiro e Monfero, e outros sitios históricos dentro do parque subliñan a profunda conexión entre a historia humana e a paisaxe natural nesta rexión.

En resumo, as Fragas do Eume son un tesouro natural que combina unha biodiversidade extraordinaria con paisaxes impresionantes e un rico patrimonio cultural. A súa conservación é crucial para manter a saúde ecolóxica e a beleza desta contorna única.

No ano 1996 a Xunta de Galicia decretou o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e dende entón declaráronse medidas cautelares que evitaban a repoboación forestal con especies alóctonas. O 12 de agosto de 1997 publicouse o decreto de creación do Parque Natural das Fragas do Eume, sendo con 9.125 hectáreas o segundo de Galicia en superficie despois do Xurés, é un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa, ademais dun bosque mixto de frondosas considerado un dos máis extensos da Galicia litoral e relevante a nivel europeo como bosque climático.

O artigo 35.4 da Lei galega 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que establece que “Os plans reitores de uso e xestión aprobaranse no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da declaración do espazo natural protexido, previo informe, no seu caso, da xunta consultiva correspondente”, polo que o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) debería estar publicado dende o ano 2003.

Sendo as Fragas do Eume considerada como un bosque atlántico de ribeira teoricamente ben conservado e sendo o bosque atlántico un bosque mixto caducifolio, a expansión no parque e na súa contorno dunha especie como o eucalipto, antes incluso da creación do parque, aporta unha esencia diferencial a este ecosistema, que tamén debe contemplarse.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Finalmente o PRUX foi publicado o ano 2023, 26 anos despois da creación do parque, sen consenso coas propietarias e propietarios, establecendo medidas que limitan o uso total ou parcial de 3.828 hectáreas da totalidade do parque, e importante sinalar que o 90 % aproximadamente do parque está en mans de pequenos propietarios.

Finalmente, as e os propietarios dos terreos radicados dentro do parque teñen limitados os usos que poden desenvolver nos seus terreos pero non perciben ningún tipo de compensación ou beneficio por esa limitación.

Tendo en conta que a titularidade do parque é da Xunta de Galicia, sería perfectamente asumible para o Goberno de Galicia un programa de adquisición de terras que progresivamente implícase o paso á titularidade pública dun espazo que ten unha finalidade predominantemente pública, o cal sería compatible con outras fórmulas de compensación ás e aos propietarios.

Recentemente publicáronse actuacións no Parque Nacional de Doñana e no plan de protección da lagoa do Mar Menor que supoñen unha inversión de 100.000 e 25.000 €/ha, respectivamente.

A Xunta de Galicia establece no PRUX un orzamento de 1.100.000 € para adquisición de terreos con prezos iniciais de entre 3.500-7.000 €/ha, claramente insuficientes.

As propietarias e os propietarios dos terreos do parque, que foron os que conservaron dende a súa creación a arboreda natural ata onde as condicións de usos o permitiron, NON REXEITAN a declaración do Parque Natural pero entenden, con toda a razón, que non se pode crear a costa dos seus lexítimos intereses e do seu patrimonio. Exixen, polo tanto, compensacións e indemnizacións xustas polos prexuízos derivados das limitacións de usos das súas propiedades, é dicir, ser tratados conforme as Directivas da Unión

CSV: BORISUBCJ-TQHOXIFN3-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Europea, do Estado e da Comunidade.

Por todo isto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as previsións de adquisición de terreos do Parque Natural das Fragas do Eume por parte da Xunta de Galicia?

2. Considera axustado aos dereitos das e dos propietarios as compensacións establecidas no PRUX do Parque Natural das Fragas do Eume?

Santiago de Compostela, 6 de xuño do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 06/06/2024 15:55:00**

**Paloma Castro Rey na data 06/06/2024 15:55:10**

**Carlos López Font na data 06/06/2024 15:55:18**

CSV: BOPGDSPGg1qYd6Pi0-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5438
Data envío: 06/06/2024 16:06:36.064

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Iago Suárez Fernández, Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as audiencias da Televisión de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

